



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, XII



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO (XII)



Cartas de Ramón Piñeiro
a
José Luis Pensado

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XII)

Cartas de Ramón Piñeiro
a
José Luis Pensado

Edición de:
Luís Alonso Girgado
Élida Abal Santorum
Alexandra Cillero Prieto

Colaboración de:
M^a Montserrat Vázquez Rivero

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Gargado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Imprime:

Grafinova, S.A.

ISBN:

978-84-453-4803-1

Depósito Legal:

C 1137-2009

ÍNDICE

<i>Limiar</i>	7
<i>Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado</i>	17

Limiar



Pola esquerda: Benxamín Casal, Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Alfredo Conde (1981)

Limiar

De xuño de 1958 a outubro de 1983, Ramón Piñeiro e José Luis Pensado (1924-2000) mantiveron un intercambio epistolar que, no caso de Ramón Piñeiro, chegou polo menos á contía de sesenta e unha cartas, dirixidas case sempre a Oviedo e Salamanca, cidades en cuxas universidades o destinatario exercía como Catedrático de Filoloxía Románica ou de Filoloxía Galego-Portuguesa. Cómpre deixar aquí mesmo clara constancia de que estas cartas ven a luz co permiso directo e xenerosa colaboración de Carmen Pensado Tomé, irmá de José Luis Pensado, e así mesmo de Carmen Pensado Ruíz, a súa filla. A elas, a nosa gratitude.

A referencia ao contido desta correspondencia está xa sintetizada na primeira carta (14-VI-1958) de Piñeiro, na que lemos no parágrafo final: “Coa confiada esperanza de que no futuro seguiremos contando coa súa colaboración cultural nesta gran empresa de renovación e arrequecemento das nosas letras, que Galaxia teima por realizar...”. En definitiva, o labor de don Ramón é o de levar pouco a pouco, con tino, acougo e constancia, ao seu interlocutor ao terreo do galeguismo, propiciando as súas publicacións filolóxicas, conxuntamente con traducións, recensións, estudos de especialidade, escolmas e outros traballos sobre a lingua e/ou os escritores galegos. Trátase dunha clara exemplificación da pedagogía ou metodoloxía propias de Piñeiro para galeguizar figuras intelectuais ou doutros ámbitos de prestixio, procedendo con persistente delicadeza nesa tarefa galeguizadora.

O lector que transite por estas cartas verá sempre ao Piñeiro lingüista; certamente lingüista amateur, mais provisto de espírito curioso, de entusiasmo por colaborar;

presto sempre a facilitar o dato, a contrastalo, a atopar fontes bibliográficas... a fomentar o traballo alleo sen negar o propio. Piñeiro, que tratou da lingua aínda no seu discurso de entrada na RAG, en dúcias de cartas, artigos e outros escritos, desenvolveu un meritorio labor de captación de galegofalantes e de espallamento do uso e consolidación do idioma nos terreos da lexislación e da vida cultural e da actividade pública e política en Galicia.

Son estas cartas mensaxes informativas de curta ou media extensión e de asunto referido, con moita frecuencia, á lexicografía galega: fontes escritas e faladas de palabras, variantes dialectais, etimoloxías que se van sucedendo entre referencias a libros, folletos, opúsculos dos que Piñeiro informa e Pensado escribe case sempre con Galaxia, *Grial* ou a RAG. polo medio. Este atende as solicitudes; aquel fornece datos e envía libros.

Investigadores dedicados aos máis diferentes dominios da lingua van pasando por estas cartas: Eladio Rodríguez González, Joseph M. Piel, Sarmiento, Aquilino Iglesia Alvariño, o Padre Sobreira, Manuel Rabanal Álvarez, Abelardo Moralejo Laso, Manuel Díaz y Díaz, o P. Crespo e, xunto con eles, alusións a obras de Sánchez Cantón, Carlos Martínez Barbeito, Francisco Lanza, Emilio Duro Peña, López Peláez, Rodríguez Fontenla, Xesús Carro e outros. Dicionarios, crónicas medievais, estudos de variada temática e ámbito local galego, traballos sobre figuras galegas (Frei Martín Sarmiento en particular) completan o abano de motivos das variadas secuencias da actividade investigadora que sustenta esta correspondencia, contrapunteada constantemente por nomes e títulos.

Deses nomes e títulos (autores e obras) fixemos en moitos casos as case obrigadas notas a pé de páxina, notas que resultan necesariamente esquemáticas e que o lector interesado deberá ampliar nas pertinentes fontes de consulta

que hoxe por sorte están ao dispor de todos. Porén, continuamos a pensar que determinadas ausencias nestas notas están máis que xustificadas para calquera lector galego medianamente familiarizado coa súa lingua e cultura.

Respectuosos coa legalidade vixente no que atinxe aos dereitos das persoas no terreo da súa intimidade ou privacidade, engadimos aquí a seguinte ADVERTENCIA: a carta como canle de intercomunicación de dúas persoas, posúe con frecuencia un alto grao de privacidade ou intimidade, polo que pode haber ás veces alusións a terceiras persoas cos conseguintes prexuizos para elas. De acordo coas leis vixentes nesta materia, nesta edición suprimiremos, co signo gráfico [...], calquera parágrafo ofensivo ou inconveniente que poida conlevar danos morais a terceiras persoas por desconsideración ao seu dereito á intimidade.

JOSÉ LUIS PENSADO: NOTA BIO-BIBLIOGRÁFICA

Aínda que o lector destas cartas poderá adquirir unha idea clara do labor específico do destinatario das mesmas a través da alusión a traballos (libros, artigos) e detalles concretos do proceso de investigación filolóxica, será de proveito ofrecer aquí unha imaxe máis completa do profesor e investigador ao que Ramón Piñeiro escribe.

José Luis Pensado Tomé (Negreira, A Coruña, 1924-2000) estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela e logo na Universidade Central de Madrid, onde rematou Filoloxía Románica, tendo como profesor, entre outros, a Dámaso Alonso. En 1954 presentou a súa tese de doutoramento, “Estudios de lingüística gallega: (edición y estudio crítico de fuentes del MS: 7455B.N. Milagros de Santiago)”, na mesma universidade. Obtivo en 1957 a cátedra na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Oviedo, onde exerceu como catedrático de

Filoloxía Románica e Filoloxía Galego-Portuguesa entre 1957 e 1962, para trasladarse posteriormente á Universidade de Salamanca, onde continuou no exercicio da cátedra ata pouco antes do seu falecemento. Participou en numerosos congresos e simposios, foi *Visiting Professor* en Austin (Texas) e en Madison (Wisconsin), nos cursos 1962-63 e 1965-66, respectivamente, e foi membro correspondente da RAG dende 1967, académico de honra da mesma dende 1984, e da RAE.

Como investigador, o profesor Pensado afondou na importante figura do P. Sarmiento, ao que fixo moi interesantes achegas en diversas publicacións, confrontando as variantes manuscritas e impresas e elaborando rigorosas introducións lingüísticas sobre as mesmas. Estudos que se repetiron sobre o P. José Sobreira, como manifestación expresa da importancia da Ilustración na historia e cultura galegas.

O seu rigor no eido da lexicoloxía e a etimoloxía galegas está presente en publicacións coma *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega* (1976), *El diccionario gallego-castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega* (1976), *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales* (1986), *Estudios etimológicos galaico portugueses* (1965) ou *Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas* (1970). Agrupamos a continuación outra parte do seu labor publicístico de asunto ou temática galega nos seguintes apartados:

1-Artigos na revista *Grial*:

—“Emigración e promoción económica de Galicia no século XVIII”, 1973.

—“El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental”, por E. Duro Peña”, 1974.

—“Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888- 1554)”, por E. Duro Peña”, 1974.

—“Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo”, 1978.

—“Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico”, por J. Corominas. J.A. Pascual”, 1981.

—“O «Rey Charlo» de Vilanova de Lourenzá”, 1981.

2- Publicacións noutras revistas:

Cuadernos de Estudios Gallegos, Revista de Filología Románica, Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, Boletín de la Real Academia Española, Verba: Anuario galego de filoloxía, das que consignamos algúns artigos de referencia galega:

“Los villancicos gallegos y portugueses de la catedral de Segorbe”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1987; “Una nota para la historia de las «Burgas»”, en *El Museo de Pontevedra*, 1983; “Para la historia del posesivo en gallego y portugués: formas extravagantes”, en *Revista de Filología Románica*, 1983; “Aportaciones a la historia de ‘ceibar’ y ‘ceibe’ en gallego portugués”, 1980; “Sobre tres pasajes extraños en las «Cantigas de Santa María»”, 1979; “Perfiles románticos del léxico gallego”, *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, 1978 (da mesma publicación que os dous artigos anteriores); “Sobre el origen y vicisitudes de la «ceiba» «alga»”, *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, 1977; “Notas etimológicas galaico-portuguesas”, *Revista de Filología Española*, 1976; “Papeletas de nombres de peces de” de P. Fr. J. Sobreira, *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, 1975; “En torno a una cantiga de escarnio del Rey Sabio”, *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, 1974; “Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la greda y sus causas”, na *Revista de Filología Española*, 1970.

3- Estudos sobre Sarmiento:

—*Fray Martín Sarmiento. Sus ideas lingüísticas*, 1960

—“*Estudio Preliminar*” de Sarmiento. *Colección de voces y frases gallegas*, 1970

—*A viaxe de Fr. M. Sarmiento e Galicia en 1745*, 1999 (constitúe a edición máis recente dunha serie de estudos preliminares realizados polo autor dende mediados dos anos setenta).

—*Onomástico de la lengua gallega*, 1998-99 (dous volumes).

4- Colaboracións en obras colectivas:

—“Galicismos en Galicia”, *Scripta philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, 1996.

—“Servidumbre y libertad en Fr. Martín Sarmiento y su «Noticia de la verdadera patria de Miguel de el Cervantes»”, en *De la ilustración al romanticismo: II encuentro: servidumbre y libertad*, 1986.

—“Aportaciones al diccionario etimológico gallego y portugués”, en *Symbolae Ludovico Mitxelena septuagenario oblatae*, 1985.

Dirixiu ademais teses coma: “Lengua y estilo en Curros Enríquez en su poesía gallega”, de X. Alonso Montero.

Pensado Tomé estendeu o seu saber a moitos eidos do coñecemento, editando moitas obras en galego sobre a época medieval ou investigando sobre o asturiano-leonés. A súa análise da historia da lingua levouno a facer profundos estudos sobre algúns dicionarios xa publicados con anterioridade. A súa obra é fundamental para un axeitado coñecemento histórico-filolóxico da nosa lingua, e contri-

buíu, xunto con outros lingüistas, a prestixiar os estudos de Romanística.

Os editores.

**Cartas de Ramón Piñeiro
a José Luis Pensado**



Ramón Piñeiro, condecorado coa medalla de ouro da Universidade por Carlos Pajares, Reitor da USC (1990)

I

14-6-58

Sr. D. José Luis Pensado Tomé

Querido amigo Pensado:

Con esta data enviámoslle por correo o exemplar do tomo-homaxe a D. Ramón Otero Pedrayo, no que figura o seu moi valioso traballo “Un vocabulario gallego del siglo XIX”. Axiña enviaremos as separatas do mesmo que nos compracemos en ofrecerlle.

Aproveitamos a ocasión pra lle testemuñar a nosa viva gratitude pola contribución que lle quixo prestar a iste homaxe que a cultura galega tributa ó seu mais outo representante aital.

Coa confiada esperanza de que no futuro seguiremos contando coa súa colaboración cultural nesta gran empresa de renovación e arriquecemento das nosas letras, que Galaxia teima por realizar, reciba unha aperta cordial e amistosa de

Ramón Piñeiro

Direitor literario¹

* * *

¹ Nesta carta figura o selo da Editorial Galaxia.

II

31-VII-59

Sr. D. José Luís Pensado
OVIEDO.

Meu querido amigo:

Falei cos meus compañeiros de Galaxia da conversa que tiven contigo e da tua boa intención de publicar un comentario sobre o “Diccionario enciclopédico gallego-castellano” de D. Eladio Rodríguez². En correspondencia coa tua boa intención, nós querémosche ofrecer, como agasallo de Galaxia, un exemplar da obra, que che enviamos por correo nesta data.

Xa te decatas do interesante que é o dar a coñecer a súa aparición nas revistas filolóxicas. Faremos que en Portugal, nos EE.UU. e máis na Alemaña se publiquen esas liñas. Pro, naturalmente, tamén é moi importante que aparezan nas revistas españolas. Pra esto ninguén mellor ca ti, pola autoridade e influencia que tes nos medios humanísticos.

Agradecéndoche de antemán canto fagas en favor da divulgación do “Diccionario”, cuia publicación costou bas-

² **Eladio Rodríguez González**, (San Clodio, Ourense, 1864—A Coruña, 1949). Lexicógrafo, poeta, colaborador de prensa e presidente da RAG de 1926 a 1934. Autor do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961), en cuxa edición tivo intervención directa Ramón Piñeiro.

tantes esforzos, todos os amigos de Galaxia che envían un saúdo moi cordial.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Coido que a mediados de agosto vereite en Oviedo.

* * *

III

Compostela, 3-II-60

Sr. D. José Luis Pensado
Oviedo.

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e maila reseña do “Diccionario enciclopédico gallego-castellano”, que moito che estimei. Si cando teñas as separatas me podes enviar unha, agradeceireicho moito, pois así poderemos archivar unha en Galaxia i enviar outra á Casa de Galicia de Caracas, pra que vexan que a súa obra filantrópica ten eco moi calificado.

Estou seguro de que pra nós resultarán interesantes os estudos que traes entre mans sobre material asturián. Tamén che agradezo moito o traballo que me anuncias sobre “Aspectos lingüísticos de la Compostela medieval”.

Polo de agora non che poido confirmar a existencia da forma argás no galego vivo. Nin tan siquier a forma documentada ergas se atopa no galego vivo. Hai, sí, a forma argás, que

xa debe ser bastante antiga porque teño idea de que figura no vocabulario de Olea³. Dende logo non deixarei de facer pescudas sobre o caso e si algo aparece comunícho de contado.

O eigo = “excepto” que figura no Carré non está tomado do vocabulario vivo. Polo menos eu non teño comprobado que se diga en algures. Claro está que ás veces levámonos sorpresas. Tamén pescudarei sobre o particular, inda que teño por case seguro que se trata dun arcaísmo.

Falei brevemente co Millán⁴ o sábado na Coruña, ó final do aito de homenaxe a Ramón Cabanillas que orgaizou a Real Academia Gallega. Está moi animoso. Coido que traballa moito no Instituto.

O exemplar de “Filología de la Lengua Gallega” non é un encargo que ti me fixeras senón un agasallo que de moi boa gana che quixera facer eu. Por eso non tes nada que me abonar. Pódesme facer os encargos que queiras con toda liberdade, pois unha cousa non ten que ver coa outra.

Recibe unha aperta moi cordial do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

³ O **bacharel Olea** naceu en Zamora en 1482 e estivo ao servizo do Conde de Lemos a partir de 1520 como preceptor dos seus fillos, arquiveiro e bibliotecario en Monforte. Nesta vila permaneceu 21 anos e desenvolveu a súa actividade investigadora, anotada nas marxes dos libros, da que destacan as 163 voces galegas relacionadas cos termos campesiños dos vales de Monterrei e Lemos, *Vocábulo[s] gallegos escuros: lo [que] quieren dezir* (arredor de 1536), do cal temos un estudo de Filgueira Valverde e outro de José Luis Pensado, publicado este en *Cadernos de lingua* da RAG no 2003.

⁴ **Isidoro Millán González-Pardo** (Pontevedra, 1922). Filólogo e catedrático de grego de Ensino Medio. Académico da RAG e membro do Instituto P. Sarmiento. Autor de numerosos traballos de etimoloxía, lexicografía e toponimia galegas e tamén sobre o mundo celta. Tradutor de T.S. Eliot ao galego. Morreu en Santiago en 2002.

IV

Compostela, 20-II-60

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta e mailas catro reseñas que me incluías. Moitas gracias. Non precisamos máis.

Onte estivo eiquí o gran Isidoro. Amostreille a tua carta, que leu con interés. Díxome que tiña que vos escribir. Que varias veces tiña matinado en facelo, mais que estaba atravesando unha etapa de profunda e invencibel priguiza epistolar. De todolos xeitos, que vos escribirá. E, mentres, que vos transmita eu os seus cordialísimos saúdos, cousa que, naturalmente, fago de moi boa gana.

Falando de cousas de lingüística, o Isidoro díxome que te interesabas pola voz “Acheite”. Esa si que é unha palabra completamente viva. Pola miña terra (Láncara- Lugo), aplícaselles ós nenos pra espresar que son pequenos, e con un certo senso de calificativo garimoso: “¡Cánto enreda iste acheite!”. Por outra zona de Lugo –en Xove– recollín a variante “Achéitegue”.

As afinidás galaico-asturianas son patentes e coido que o determinalas é interesante. Coido que ise será un dos froitos da tua permanencia en Oviedo.

Faláronme de que ahí en Oviedo estudaba Románicas un paisano novo que se chama Wisphalio Seoane. Polo que me dixeron é rapaz moi traballador. Como é natural, será

discípulo teu. Eu alégrome moito, pois así terás ocasión de formar ahí algún lingüista galego, tanta falta como nos fan. En Madrid estudan varios, pero dáselles máis pola literatura que pola lingüística.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

V

Compostela, 15-XI-60

Sr. D. José Luis Pensado

Oviedo

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta. De acordo co que nela indicas, a fin de mes enviáremoslle a Steiger⁵ os dous tomos do Diccionario enciclopédico. Tamén lle escribiremos decíndolle que lle facemos o envío por indicación tua.

Aínda estamos agardando novas do Guerra da Cal⁶ sobre o resultado das suas xestións coa Gulbenkian. Dun

⁵ **Arnald Steiger** (Zurich, 1896—Madrid, 1963). Hispanista e arabista suízo, catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Zurich e, dende 1961, en Madrid. A súa obra máis destacada é *Contribución a la fonética del hispano-árabe y de los arabismos en ibero-románico y el siciliano* (1932). Investigador, relator e fundador da revista *Vox Románica* (1939).

xeito ou doutro, teremos que percurar cartos pra editar documentos galegos. Xa te teremos ó tanto, pois esa publicación tedes que a dirixir Ferro Couselo⁷ e máis ti. Agora temos na imprenta a edición crítica das cantigas de escarnio e maldecir preparada por Rodrigues Lapa⁸.

Non recibín a separata que me anunciabas cos teus “Estudios de Lexicografía Asturiana”.

O Millán está absolutamente absorbido polo entusiasmo amoroso. Eu nono vexo dende hai moito tempo. Sei dil polos amigos. As derradeiras novas que tiven son de que está en período pre-nupcial. Din que se casa no mes que ven.

Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

⁶ **Ernesto Guerra da Cal** (Ferrol, 1911—Lisboa, 1994). Poeta e investigador de temas e figuras da literatura. Amigo de García Lorca. Exiliado nos EE.UU. e doutor pola Universidade de Columbia. Fixo estudos sobre a lírica medieval galego-portuguesa e mais sobre Rosalía de Castro. Como poeta publicou *Lua de alem mar* (1958) e *Rio de sonho e tempo* (1963) entre outros poemarios. Foi defensor da modalidade reintegracionista no terreo da escrita da lingua.

⁷ **Xesús Ferro Couselo** (Valga, Pontevedra, 1906—Ourense, 1975). Arqueiro, investigador, catedrático de Ensino Medio, doutor pola Universidade Pontificia de Comillas. Creador do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e director do Museo Arqueolóxico da cidade. Cofundador de *Grial*, *Galaxia* e do Grupo Posío ourensán. Académico da RAG e autor de innumerables traballos sobre arqueoloxía e prehistoria galegas.

⁸ **M. Rodrigues Lapa** (Anadia, Coímbra, 1897—1989). Filólogo, catedrático e doutor coa tese *Das origens da Poesía Lírica em Portugal na Idade Média* (1930). Por problemas políticos co réxime de Oliveira Salazar exiliouse no Brasil, onde traballou en diversas universidades ata a súa volta o 25 de abril do 75. As súas investigacións literarias e lingüísticas sobre Galicia ocuparon boa parte do seu traballo: “Convenci-me inteiramente de que, para nos conhecermos bem, teremos de conhecer a Galiza, onde está a nossa mais profunda raiz...”. Destaca a edición crítica das *Cantigas d’escárnio e mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (1965), entre outras numerosas publicacións.

P.D. Figúrome que xa che contaría o Gamallo⁹ o que lles pasou en Lugo co Alonso no homenaxe a Laverde Ruiz¹⁰: puxo a parir a Menéndez Pelayo, con gran asombro dos santanderinos que viñeron pra asistir ó homenaxe e coa natural violencia íntima prás autoridades luguesas que os convidaron especialmente. Como o argallante de todo fora o Gamallo, debeu de as pasar moradas.

* * *

⁹ **Dionisio Gamallo Fierros** (Ribadeo, 1924—Madrid, 2000). Profesor de literatura española de Ensino Medio, ensaísta e crítico. Colaborador asiduo de prensa (*Faro de Vigo*, *Vida Gallega*, *Finisterre*, *Nordés*, *Alba*, *Ya*, *Informaciones*, *Revista de Occidente*, etc.), licenciado en Dereito pola Universidade de Valladolid e profesor universitario en Oviedo e Santiago. Foi distinguido con numerosos premios e pertenceu á RAE e RAG como correspondente. Poeta en *La voz derrotada* (1942), entre outros poemarios. No ámbito da literatura galega estudou a Lamas Carvajal, Pastor Díaz, Rosalía de Castro, Valle-Inclán e o Padre Feixóo. Foi un importante especialista en Bécquer, segundo acreditan os seus libros *Páginas abandonadas de Gustavo Adolfo Bécquer* (1948) e *Bécquer y Sevilla* (1948).

¹⁰ **Gumersindo Laverde Ruiz** (Santander, 1835—Santiago de Compostela, 1890). Filósofo antikrausista e profesor do Instituto de Lugo. Poeta. Publicou algúns traballos nos Almanaques do editor lugué Soto Freire. Foi amigo de Menéndez y Pelayo, que escribiu sobre el no seu libro *Horacio en España*.

VI

Compostela, 17 de xaneiro de 1961

Sr. D. José Luis Pensado

Oviedo

Meu querido amigo:

Recibín o teu “Sarmiento” e mailos “Estudios de lexicografía asturiana”. Moito che agradezo que mos teñas enviado. Linos con gran interés. O libro en col de Sarmiento está feito con tan fondo amor i ó mesmo tempo con tanta lucidez interpretativa que, ó lelo, mesmo sinte ún a presenza espritoal de Fray Martín. Coido que iste teu libro, xunto co de López Peláez, son as mellores claves que temos pra conocer ó noso gran frade bieito. Certamente, fixécheslle o mellor homenaxe que se lle podía facer con carácter persoal: estudar i entender a súa obra en correspondencia coa súa persoalidade. Despois diste teu libro xa os romanistas non poderán deixar de lle faceren xusticia a Sarmiento. E despois diste teu libro resultará máis vergonzoso pra o país que as obras de Sarmiento permanezan aínda inéditas. Ti eres, meu querido amigo, o chamado a ser o gran herdeiro espritoal de Sarmiento, o realizador da gran empresa científica que il arelaba. Estou seguro.

Nos “Estudios de lexicografía asturiana” vin que aparecen varias cousas nosas. Sin duda hai bastante léxico común.

Ocúrreseme comunicarche algúns datos relacionados coa lectura dos teus traballos. O primeiro é que a palabra rebezo, que Sarmiento cita sin referencia algunha, é unha palabra moi viva nalgunhas zonas luguesas. Así, en Cervantes chámanlle rebezo ó rebeco. Na miña terra, en cambio, esa palabra úsase moito pro únicamente como adxetivo: iste rapaz é moi rebezo, quer decir que é rebelde, que non obedece.

Outra cousa que che quería decir é que esa “-n” que Sarmiento emplea nalgunhas desinencias verbás tipo “seyñ”, “levein”, etc. Tamén é viva nalgunhas zonas luguesas, tales como Cervantes, Caurel, Cebreiro, Becerreá, etc. Como teño entendido que a nai de Sarmiento era de terras de Sarria, que por unha banda empalman coas de Becerreá, non tería nada de particular que a súa propia nai falase con esa característica nasal.

E, finalmente, tamén che quería decir, en relación co estudo que fas de “Agüero”, que, ca sinificación de “agujero para dar paso a las aguas”, son moi correntes as variantes “angoeiro”, “angüeiro” e “angoal”. Son pra dar entrada á auga nos prados a través dunha parede ou valado e, como é natural, case sempre están situados nun ángulo do prado.

A Steiger envióselle o “Diccionario” á Residencia de Pinar nas datas indicadas por ti. Andamos agora co terceiro tomo, que non tardará moito en saír. Como é natural, un dos primeiros exemplares serache enviado. Querémoslle poñer un apéndice cos vocabularios aparecidos nos derradeiros tempos e que non foron incorporados ó corpo da obra.

Pouco antes do Nadal estivemos un día no Ferrol nunha conferencia que pronunciou alí Otero Pedrayo. Cando nos metemos nos coches vin que lle entregaban a Otero un paquete moi envolto que polo visto continúa o manuscrito de

un “Diccionario etimolóxico galego”. Como D. Ramón seguíu pra Tr[a]salba, non puiden botarlle unha ollada a semellante obra. Nin siquer sei quen é o autor. Pasmoume moito, eso si, que aparecese precisamente no Ferrol, que é onde menos podía agardarse unha cousa así. Seguramente se trate de unha obra de simple aficioado, pois outra cousa non se esprica. De todos os xeitos, cando me informe con máis detalle xa che comunicarei de que se trata.

Unha forte aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *

VII

Compostela, 22-II-61

Sr. D. José Luís Pensado
Oviedo

Meu querido amigo:

Estiven uns días en Madrid e, con tal motivo, recibín con retraso a tua carta. Como todas as tuas, tamén me resulta confortadora, porque me das novas de unha serie de traballos que traes entre mans.

Procurarei pescudar nos curtidores algún dato relativo ó verbo goldrar. Eu nono teño rexistrado máis que co significado de ensuciar, mais esa sinificación é sin duda derivada.

Haberá que tratar de saber que significado preciso ten entre os pelamios. En canto seipa algo xa cho comunicarei de contado.

Sei que Millán sigue vivo porque lin recentemente nos xornás que dera unha interesante conferencia en Pontecesures. Hai tres ou catro días dixéronme os familiares que ten eiquí en Compostela que se casa no mes que ven. Eu alégrome, pois coido que é o único xeito de que recuperemos ó amigo e máis ó filólogo ¿non coidas ti tamén?

Según me informou D. Ramón Otero Pedrayo, o manuscrito do “Diccionario etimolóxico” carece totalmente de interés. Polo visto, nin é propiamente un Diccionario nin moito menos etimolóxico. Semella que son unha serie de notas a-sistemáticas de un puro aficionado, nas que aparecen misturadas poesías, palabras e frases que foi anotando o autor nas suas leituras.

O Martínez López¹¹ hai tempo que non me escribe. Craro que sempre foi bastante lacazán pra escribir. Andaban a voltas con unha publicación de aquela universidade sobre a cultura española contemporánea.

¹¹ **Ramón Martínez López** (Boiro, A Coruña, 1907—1989). Lingüista, historiador e profesor. Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Doutorado en Madrid. A súa vida estivo marcada pola súa dedicación á ensinanza, á investigación e pola súa traxectoria galeguista, actividade que o levou ao exilio na Guerra Civil. Obtivo a cátedra de Lingua e Literatura españolas no Instituto de España en Lisboa entre 1933 e 1936, ao mesmo tempo que tomou parte na Fundación do Seminario de Estudos Galegos (1923) e na do Partido Galeguista (1931). Exiliado en Francia e na Arxentina, na Universidade de Bos Aires traballou baixo a dirección de Amado Alonso. Desenvolveu toda a súa actividade docente na Universidade de Texas (1940-1971) e impartindo cursos nas Universidades de Novo México, Porto Rico ou Denver. Regresou do exilio en 1971. Destacan a edición, introdución lingüística, notas e vocabulario de *General estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms O.I.i. del Escorial*, publicada pola Universidade de Oviedo; *La literatura gallega en el exilio* (1976) e os seus artigos sobre Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal ou Teixeira de Pascoaes, entre as súas numerosas publicacións.

Esta tarde irei a Vigo. Verei ó Xaquín del Riego. Como é natural, falaremos de ti, porque moitas veces falamos.

Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *

VIII

Compostela, 27-II-61

Sr. D. José L. Pensado

OVIEDO

Meu querido amigo:

Xa teño datos, facilitados por un pelamio de Pontedeume, sobre o problema que a ti che interesa.

Pra lle sacar o pelo ós coiros e poñelos en condicións de seren curtidos, mergúllanos nunha mistura de cal e sulfúrico. O resíduo que queda desta operación é unha especie de caldo sucio formado de cal, sulfúrico e pelo. A ise caldo sucio residual é ó que iles lle chaman GOLDRO.

A min paréceme que terás que revisar a etimoloxía de Spitzer¹². Il parte do verbo goldrar, mais seguramente conveña partir do sustantivo goldro, do que goldrar e gol-

¹² **Leo Spitzer** (Viena, 1887—Forte de Marmi, Viareggio, 1960). Romanista e hispanista austríaco, representante do Idealismo Lingüístico e a Estilística. Ten publicados máis de mil títulos entre libros e artigos en diversas linguas, dos que salientamos *Linguistics an Literary History: Essays in Stylistics*, (1948) ou *Cinque saggi di ispanistica*, (1962).

dreiro son derivados. Repara en que no galego hai bastantes palabras de tema gald e gold que indican suciedade.


Farei aínda algunha pescuda máis cos pelamios e si aparece algún dato novo xa cho comunico.

Díxome Xaquín del Riego que estivera contigo en Oviedo.

Dispón como gustes e recibe unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *



IX

Compostela, 2 de marzal do 1.961

Sr. D. José Luís Pensado
OVIEDO.

Meu querido amigo:

Tal como che anunciei na miña anterior, fixen algunh[a] pescuda máis en col do tema dos goldreiros. Sempre convén recoller varios informes. Algúns dos consultados respondéronme negativamente, por non haber curtidores na sua zona. Hoxe, en cambio, recibín o informe dun importante curtidor de Allariz. Como verás, non coincide co informe anterior, que procedía dun curtidor de Pontedeume. O informante de hoxe fala de GOLDROS (en plural) aplicado á mezcla de auga e casca vexetal na que se mergulla o coiro pra que absorba o tanino, dato que semella darlle a razón a Spitzer, inda que eiquí fálase de goldros e goldreiros pero non de goldrar. Si o verbo fose derivado do sustantivo, non sei como se podería soste esa etimoloxía.

Si algún dato novo deprendese sobre o particular, apresurárame a comunicarcho.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

«O feito de que utilicen o plural -goldros en lugar de goldro- semella indicar que orixinariamente debíase referir á casca.

PREGUNTAS:

1ª).-¿Hai algunha operación no curtume dos coiros que se chame GOLDRAR?

2ª).-¿Hai algunha sustanza que se chame GOLDRO?

3ª).-¿Úsase a palabra GOLDREIRO como sinónimo de curtidor?

RESPOSTAS:

1ª).- Non hai ningunha operación que se chame GOLDRAR.

2ª).- Chámanse GOLDROS (en plural) os resíduos que deixan nas tinallas de pedra onde se curte as cascas de carballo ou de encina que se mezclan con auga pra que os coiros absorban o tanino. Chámanse GOLDROS MORTOS cando é mester renovar a casca porque o coiro lle absorbéu o tanino. Chámanse GOLDROS VIVOS cando a tinalla ten forza, ou sexa, cando o coiro, por estar curtido xa, non pode absorber máis tanino.

3ª).- Sí, chámanse GOLDREIROS os obreiros que traballan no curtume dos coiros»

Esta resposta deuna un importante curtidor de Allaríz.

* * *

X

Compostela, 17 de marzal do 1.961

Sr. D. José Luís Pensado
OVIEDO

Meu querido amigo:

Pra puntualizar máis os datos relativos á curtición dos coiros, escribinlle de novo ó meu amigo Nogueiras, que ten, como che dixeran, unha importante industria en Allariz. Descríbeme a operación do curtume, que eu che transcribo, por si che dá algunha pista etimolóxica:

“A primeira operación do curtume consiste en REMOLLAR, ou seña, meter os coiros nun pilón grande de pedra cheo de auga limpa.

Cando está saturado de auga, o coiro pasa ós CALEIROS. Debe de haber varios, porque o cal vello fai que o coiro pele máis preto i o cal novo incha máis o coiro (sempre cal apagado, claro está). Os residuos que teñen os caleiros, vaian ou non misturados con sulfuro de sodio, reciben o nome de BORROS.

Despois de caleados e cando o coiro inchou, pérase i escárnase (chámase escarnar á operación de lles quitar ós coiros as carnes mortas).

Unha vez pelado i escarnado hai que o desencalar, pois o cal é nemigo de toda curtición.

Finalmente métense nas tinallas con auga e casca de carballo pra que absorban o tanino.

En resumen: BORROS son os resíduos do caleiro; GOL-DRO ou GOLDROS son os resíduos da corteza ou casca vexetal; GOLDREIROS ou GALDRAS son os que traballan nesa industria ou oficio”

Velahí, meu querido amigo, os datos máis precisos que puiden acadar deica agora. Tratarei de me informar pola zona de Noia, que é, con Allariz, terra de tradición curtidora.

Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *

XI

Compostela, 15-V-61

Sr. D. José Luís Pensado
Oviedo.

Meu querido amigo:

Recibín a tua separata de “Vox Románica” sobre “Aspectos lingüísticos de la Compostela medieval”, que resulta ben interesante por certo, pois bótase de ver cantos datos importantes están acochados nos nosos documentos latinos medievás.

Pra pescudar a etimoloxía de peto (alcancía, cepillo) lembrás o verbo petar. Eu quero informarte de uns peque-

nos matices semánticos e fonéticos que dificultan algo esa derivación. En primeiro lugar, a siñificación do verbo petar non é tan xenérica -“facer ruído”-, senon moito máis precisa: “dar golpes” = dar petos. Petar é sempre golpear ou chocar un oxeto contra outro: con un martelo, con unha pedra, con unha aldaba, coa mesma man, etc. Craro que tamén se usa metafóricamente en espresións como estas: “cando che pete” (cuando lo tengas a bien), “non me peta” (no me da la gana). En segundo lugar, peto (golpe) e peto (alcancía) diferéncianse fonéticamente. O pèto (golpe) ten a e aberta (como lèbre ou pèdra), mentres que peto (alcancía) ten a e pecha (como cedo ou penedo). A siñificación máis frecuente da palabra peto é “bolsillo”: “meteu a man no peto e sacou a carteira”, “colleu a navalla e gardouna no peto”. Ora, ¿cal é a siñificación primitiva, a de alcancía ou a de bolsillo? Ti demostras que xa na Edade Media se lle chamaba peto á alcancía. Eu non sei cando comenzaría a se lle chamar peto ó bolsillo, porque me figuro que no vestuario medieval habería algunha cavidade onde gardar cousas. A sonoridade das moedas dentro dun peto nunca se chama petar, senon ruxir.

¿Sabes que por Noya, terra de curtidores, non conservan a voz goldro ou goldros? Queda aínda goldreiro, como equivalente de persoa sucia, pro sin referencia concreta ó oficio de curtidor. Resulta que é en Allariz onde se conserva máis viva no seu significado gremial.

Moi agradecido polo envío da separata.

Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *

XII

Compostela, 4-VII-61

Sr. D. José Luis Pensado
OVIEDO.

Meu querido amigo:

Ocurriúseme mirar na obra de Pérez Constanti¹³ si traía algo sobre o gremio de curtidores e si aparecía a voz “goldreiros”. Resulta que no tomo I ven un artículo sobre “Las pelambreras y tenerías en Santiago” no que transcribe un documento municipal do ano 1569 no que aparece o verbo goldrar coa siñificación de “revolver” ou “axitar”. Pérez Constanti interpreta goldrar = agitar.

Pola antigüidade do documento, coido que terá interés pra ilustrar as tuas pescudas. Por eso o copiei e me apresuro a enviarcho.

Por certo que recollín no galego vivo do Caurel o verbo esgol-drarse co siñificado de escalabrarse e de esmelandrarse a roupa.

¹³ **Pablo Pérez Constanti** (Santiago de Compostela, 1875–1938). Dedicouse aos estudos históricos. Exerceu dende 1885 o cargo de arquivista do Concello compostelán. Fundador de *El organillo*, foi colaborador asiduo do *Boletín de la Real Academia Gallega* ou de *La Voz de Galicia*. Publicou, entre outros, *Historia del periodismo santiagués* (Santiago, 1905), *Notas galicianas* (Vigo, 1925-26), en tres volumes, ou o *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII* (Santiago, 1930).

Como ves, perseguimos todos os datos posibles pra que chegues a unha conclusión segura.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Haberá por aí 20 días atopei ó Isidoro e máis á sua dona eiquí en Compostela. Díxome que estaban preparando as tarxetas co ofrecemento da casa. Está moi silencioso.

Mañán marcha pra Lisboa o Lorenzo. Vai traballar dous meses con Çintra¹⁴.

«Miraba también el Concejo por la bondad de los materiales para el calzado; y a fin de corregir deficiencias en las operaciones del adobo de pieles, constituyose en maestro curtidor, dictando en las ordenanzas generales de 1569, estas instrucciones:

“De la manera que se an de cortir los cueros y que tienpo an de estar y no saquen ni laben de otra manera.- Por quanto muchas vezes se a allado y visto en esta ciudad que algunos çapateros y cortidores de cueros de bois y bacas y otro ganado bacuno y de cueros de cordobán y badanas, no los cuerten bien y les sacan el curtimiento sin saçon y crudos para luego azer calçados dellos lo qual y la obra que dellos azen ninguna cosa valen y es engañar las gentes; y por hebi-

¹⁴ **Luís Filipe Lindley Çintra** (Espariz, 1925—Lisboa, 1991). Doutor en Filloxía Románica pola Universidade de Lisboa, da que foi catedrático da Facultade de Letras. Director do *Boletín de Filologia* e da *Revista Lusitana*. Creador do Centro de Estudos Filolóxicos e do Centro de Lingüística da citada universidade. Colaborador do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* e estudoso da *Crónica Geral*, de Alfonso X, a carón de Menéndez Pidal. Publicou traballos de investigación de xeografía lingüística, historiografía, crítica textual, dialectoloxía e literatura medieval. En colaboración con Celso Cunha publicou a *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (1984).

tar semejante fraude y engaño, ordenaron y mandaron que de aquí en adelante ningún çapatero ni curtidor sea osado de cortir los dhos cueros sino de la forma siguiente: que en el pelambre en que pelaren los dichos cueros no los buelban a echar en el agua después de pelados donde los pelaren, sino que alimpien bien el pelambre y después le echen su agua limpia y su cal fresco y después de bien revuelto echen allí los cueros y cada tercero dia los rebuelvan y después de rebuel-
tos dos o tres veces les vayan echar mas cal fresco asta ser pelanbrados y después los echen en un poco agua fresca y limpia y los agan labar de la cal dándole cinco o seis manos ansí de flor como de carnaz asta ser muy bien labados y después los echen en las cubas donde los an de goldrar (agitar) y antes laben las dhas cubas de la subciedad que tubieren, por manera que saquen toda la subciedad y casca y agua que dentro estuviere que no quede en ella ninguna cosa, y echo esto los echen en el agua que sacaren o en otra agua fresca y en casca fresca y bien molida y que sea de aquel dia o un dia antes molido y que aquel dia que los echaren los goldren bien goldrados con sus palos y esto echo los echen en sus pilos con casca fresca que sea molida de un dia de un dia o dos quanto mas porque si es de mas dias molida ningún provecho aze al cuero antes lo daña; y se a de echar entre cuero y cuero dos dedos de alto de casca y aziéndose desta manera estén los dhos cueros en ynbierno de primera casca tres meses y pasados los tres meses los descubrir y echarles casca fresca de la manera que dha es; y en verano estén dos meses de primera casca y uno de rrecasca y se les eche en la rrecasca la cantidad de casca fresca según dho es; y que ninguno sea osado de sacar de ningún pilo ni otro cortimento ninguno de los dhos cueros sin que primeramente llame a los vedores que por la dha Justicia y Regidores están o fueren nombrados de aquí adelante para ver la obra de la çapatería si es falsa o buena, para que vean los dhos cueros si están curtidos en la forma y manera de que de suso se aze mención, y allándolos tales que se puedan labrar, les den licencia para que se puedan sacar

del tal cortimientto, y labarlos y los sellen con su marca y sellos los que ansi allaren buenos y los que de otra manera los sacaren y labaren los pierdan del todo y sea la tertia parte para los tales vedores que en ellos entendieren y la otra tertia parte para el Allde que los juzgare y mas dé seiscientos maravedís y seis días de cárcel a los tales que fueren contra esta hordenança.”»

Pablo Pérez Constanti: NOTAS VIEJAS GALICIANAS. Tomo I

“Las pelambreras y tenerías en Santiago”. Pags. 231-232.

* * *

XIII

Compostela, 2-I-62

Querido José Luis:

Mándoches esta loubanza de Fray Martín Sarmiento por López Peláez, que quizáis non teñas. Aínda non apareceu ningún exemplar de “El Gran Gallego”. Cando apareza enviareicha.

Os da Real Academia Gallega andan agora moi preocupados co problema da Gramática do noso idioma. Nomearon unha Comisión, hai varios meses, integrada por Moralejo¹⁵, Rabanal¹⁶ e máis Iglesia Alvariño, encargada

¹⁵ **Abelardo Moralejo Laso** (Argujillo, Zamora, 1898—Santiago de Compostela, 1983). En 1927 era xa Catedrático de Lingua e Literatura latinas da USC, onde se xubilou en 1968. Foi alumno, en Madrid, de Menéndez Pidal, e de Unamuno en Salamanca, en cuxa universidade cursou Filosofía e Letras. Integrouse no Seminario de

de redactar unha Gramática que logo sería sometida a consulta a unha comisión máis ampla, formada por Filgueira, Bouza, Taibo¹⁷ e Carballo Calero. Como morreu Iglesia Alvariño, e como os outros dous ponentes -Moralejo e Rabanal- estaban en Santiago, desináronme a mín pra substituír a Aquilino. Ora, tanto Moralejo como Rabanal, que son dous lingüistas moi ben preparados, consideran que iles teñen un fallo importante: non seren galegos nativos. Ocorre, en cambio, que o único romanista galego con plena responsabilidade científica eres tí. Non sei o que pensas sobre a posibilidade de facer hoxe en día unha Gramática Galega “oficial”, ou seña, da Academia. Gustaríame moito falar longamente contigo diste asunto. De todos os xeitos, agradézoche que me poñas dúas liñas decíndome a tua opinión. Animaríaste a facer tí a Gramática? Si así for, eu comunicarllo á Academia, que levaría gran alegría.

Estudos Galegos e foi amigo de Otero Pedrayo. Publicou unha inxente cantidade de traballos en diversas áreas filolóxicas, entre eles destacan os estudos sobre o *Codex Calixtinus*, do que foi tradutor. Académico da RAG e colaborador do Instituto Padre Sarmiento, foi ademais Decano da Facultade de Filosofía e Letras. En *Verba* e nos *Cadernos de Estudios Gallegos* fixo numerosas contribucións á toponimia galega.

¹⁶ **Manuel Rabanal Álvarez** (La Magdalena, León, 1914). Doutor en Filoloxía Clásica pola Universidade de Madrid. Catedrático de Grego da USC Cofundador da revista poética *Espadaña*. Autor de estudos sobre os clásicos gregos nos ámbitos da lingua e literatura. Colaborador asiduo de prensa (*ABC*, *Ya*, *La Noche* —onde levaba a sección “Nebulosas”—, *Diario de León*, *El Correo Gallego*, *Proa*, *El Español*, etc.). Polemiza con Iglesia Alvariño en asuntos lingüísticos. Fundou a revista *Gelmírez* (1945-46) no Instituto Rosalía de Castro, de Santiago, onde foi profesor. Nesa cidade finou en 1989.

¹⁷ **Victoriano Taibo García** (Santiago, 1885—Vigo, 1966). Mestre. Poeta e narrador. Da súa autoría son os poemarios *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925). Deixou inéditos *Cobrinfolas* e *Abicedo*, publicados en 2008. Colaborador de incontables xornais e revistas, publicou numerosos artigos de temática lingüística, moitos deles en *La Noche*, circunstancia que o relacionou con Manuel Rabanal e Aquilino Iglesia Alvariño.

Moitos saúdos nosos a Enriqueta e máis á nena. Para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

Na derradeira sesión da Academia presentouse a tua proposta de correspondente. Agora en xaneiro recibirás o tomo III do D. Eladio. Leva un Apéndice con máis de tres mil voces vivas e localizadas. Gustarache.

* * *

XIV

Compostela, 4 de febreiro do 1962.

Sr. D. José Luis Pensado
OVIEDO.

Querido José Luís:

Recibín a tua carta. Non deixo de comprender as dificultades que me sinalas pra asumires unha plena responsabilidade na elaboración da Gramática Normativa Galega, pois non desconozo que os teus roteiros académicos sempre estiveron alonxados da nosa complexa realidade idiomática aitual ¡Qué lástima que en lugar de estares en Oviedo non estiveses eiquí en Compostela! ¡Cántas cousas se resolverían! De todos os xeitos, o saber que se pode contar co teu consello énceme de satisfacción, como lles ocurrirá a todos os demais en canto lle-lo comunique. Pola miña parte non deixarei de recabar o teu consello esteñas onde esteñas.

Cavilei bastante no problema que a Academia nos prantexou. Reconozo a necesidade da Gramática. Reconozo tamén a súa urxencia. Trátase dun problema que compre acometer. Mais será ben acomentelo co meirande realismo. Por eso me parece que, antes de elaborar a sua Gramática, a Academia debería dar un paso previo: promover o estudo de algúns problemas fundamentais da nosa realidade idiomática viva. Podía, por exemplo, convocar un concurso con premios importantes sobre estes dous temas: determinación das zonas e características dialectás do galego; estudo e ordenación do noso verbo. Si os premios teñen a importancia económica debida, seguro que haberá xente que acometa o estudo dises dous problemas. E ises traballos serían unha boa base ouxetiva prá elaboración da Gramática, coidando moito, eso si, de manexar os datos con moito tino no intre de preferir as formas que se han de consagrar “oficialmente”. Nise orde de cousas son moi asisadas as catro recomendacións que ti fas e haberá que as ter ben en conta. Un escesivo esquematismo sistemático alonxaríanos demasiado da realidade viva, da que, en definitiva, temos que partir.

Pensei en que a Academia debería patrocinar estes estudos como base da súa elaboración gramatical porque eso daríalle máis fundamento e máis garantía. De non ser así, forzosamente tería que se apoiar nos coñecementos empíricos que da nosa realidade idiomática temos os pouquiños que nos preocupamos do problema. Quizáis poida parecer que abundaría co estudo dialectolóxico sin necesidade de facer un estudo especial do verbo galego. Con todo, eu coido que iste estudo é necesario, que é extraordinariamente entrambicado. Continuamente te atopas con unha pluralidade de formas que non hai máis remedio que considerar. Por exemplo, eu teño rexistradas estas cinco do verbo facer: facer, faguer, faser, faer, fer. Todalas cinco están vivas e teñen plena vixencia. O mesmo che podería dicir de formas tales como sea, seia, sexa, seña; ou salgo, salio, sallo; ou sepa, sepia, seipa, saiba; ou fostes, fóstedes, fóchedes, fúchedes; ou deúnolos, díunolos, dóunolos; ou cheguei, cheguein, cheguín, etc.,

etc. Unha investigación e ordeación de toda esa enorme riqueza de formas verbás sería moi comenente como documento básico na escolla das formas que deberán convertirse en académicas ¿Non cho parez?

Vexo que andas en tratos pra ires ós EE.UU. Non está mal dar unha voltiña por alá. Xa me terás ó tanto da marcha, pois en New York hai algúns amigos nosos que vos poden atender.

¿Sabes una cousa curiosa e interesante? Os universitarios composteláns piden oficialmente que se ensíñe o galego na Escola de Idiomas que funciona na Universidade. Apoian a petición, iniciada polos de Filosofía, todas as restantes Facultás.

Moitos saúdos nosos pra Enriqueta e maila nena. Pra ti unha forte aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *



XV

Compostela, 26-II-62

Meu querido amigo:

Como che anunciaba na miña anterior, envíelles ós da Academia un informe aoconsellándolles que procedan con orde e sistema. Mándoche copia, pois gústame e intéresame que teñas coñecemento dereito de todo o problema tal como se vaia desenrolando. As primeiras novas que me chegaron da Academia indican que o informe fíxolles certa impresión. Tratan de o enviar ós académicos máis relacionados co problema pedíndolles opinión. Semella que están dispostos a modificar o programa de traballo. Xa te informarei de todo.

O Lorenzo marcha pra Colonia. Arrempuxouno o propio Dámaso. Eu coido que lle virá ben unha tempada na Alemaña. Alí está o Piel¹⁸, a quen penso escribirlle, que non deixará de se interesar pola boa formación científica do Lorenzo.

¹⁸ **Joseph-Maria Piel** (Lorena—Alemaña, 1903—Tréveris, 1992). Filólogo e lingüista alemán que destacou polos seus estudos romanísticos no ámbito galego-portugués. Especializado en Filoloxía Románica, accede á cátedra na Facultade de Letras de Coímbra. Volve en 1953 para a Universidade de Colonia. En 1968 regresa a Lisboa alternando as súas estadias con Tréveris. Foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago en 1978. Entre as súas publicacións destacaremos *Os nomes germánicos na toponimia galego-portuguesa* (1945) e diversos artigos sobre léxico, onomástica e toponimia galegas, coma *Apontamentos de etimología galega* (1967).

Por eiquí houbo algo de rebumbio arredor do “Premio Galicia” da Fundación March. O país reaccionou espontaneamente considerando que iste premio correspóndelle, sin discusión posíbel, a Otero Pedrayo, cuia vida e cuia obra estiveron sempre consagradas á “exaltación literaria de Galicia”, que é xustamente o que a convocatoria sinala como motivo do Premio. Houbo unha tentativa raposeira e nada limpa de José Luis Varela¹⁹ por torcer esa interpretación pra lle dar o premio a Vicente Risco. Trataron de cazolar dentro da Fundación March pra que desinasen un xurado risquista, no que figurarían o propio Varela, Fraga Iribarne e algún outro semellante. Nono conqueriron. Inda que o xurado non é demasiado idóneo, porque non é como acaído que nun xurado literario figuren catro presidentes das diputacións galegas, orgaísmos moito máis administrativos que literarios, cabe agardar, con todo, que non deixarán de facer xusticia.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón

* * *

¹⁹ **José Luis Varela Iglesias** (Ourense, 1924). Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Madrid. Colaborador de publicacións como *Arbor*, *Papeles de Son Armandans*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* ou *Grial*. Autor de numerosos traballos de temática galega, en particular sobre escritores (Risco, Valle-Inclán, Curros ou Rosalía). Dos seus ensaios salienta *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX* (1958). Afervoador defensor da figura de Risco.

XVI

Compostela, 23-V-62

Sr. D. José Luis Pensado
OVIEDO.

Querido José Luis:

Recibín a tua carta e moito me alegrou que o informe enviado por min á Academia merecese a tua aprobación. Eso dame unha gran tranquilidade. Dende logo que te podes quedar coa copia, pois eu conservo outra.

Sei que na xuntanza do P. Sarmiento que celebraron pola Semana Santa, o Sánchez Cantón falou do “Turpín”²⁰ como de inmediata aparición. Iles tiñan idea de que ti foras a Alemania.

Xa vexo que, ó cabo, decidiches pedir Salamanca. Seguramente que cha darán. A min dixérame D. Américo Castro que il atopara en Salamanca, cando andaba de

²⁰ A **Crónica de Turpin** é máis coñecida polas súas versións francesas do s. XIII. O autor anónimo desta crónica, escrita en latín no s. XII, tomou inxeniosamente o nome do arcebispo Turpin, de Reims, o personaxe principal da *Chanson de Roland*, moi vencellado aos cantares de xesta. Tamén denominado *Pseudo-Turpin* (circa 1140), pasou a formar parte do *Codex Calixtinus* do s. XII (Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 1944). Segundo o estudoso Manuel Díaz y Díaz (“Una monografía notable sobre *el Liber Sancti Jacobi y la Crónica del Pseudo Turpin*” en *Cuadernos de Estudios gallegos*, nº 18, 1951), esta copia compostelá foi feita en 1173, aínda que puido terse escrito con anterioridade. Un dos estudos máis destacados é o que fixo Andrés Bello (1781-1865) en 1854.

novo estudando o leonés, gran cantidade de documentos galegos.

Cando marchedes ós EE. UU. non deixes de me avisar. Quérolle escribir ó prof. Guerra Da Cal, da New York University, e máis ó prof. Emilio González López, do Hunter College, os dous bós amigos, pra que vos atendan en New York.

No tocante á “protesta” desta Universidade polo de Pamplona teño entendido que a cousa tivo dúas fases: unha inicial, moi decidida, que culminou na celebración dun claustro e no nomeamento de unha comisión encargada de redactar a ponencia correspondente, e outra posterior na que todo quedou paralizado. Na primeira etapa, o Reitor fixo de vehículo; na segunda, fixo de freno. Cambio tan súpeto como o do Reitor tivérono algúns catedráticos. Según dicen, entre a primeira i a segunda aitude interpuxéronse unha xestión cardealicia, movida, polo que parece, dende a Nunciatura. Non sei si o cese de Sánchez Ruipérez como decano terá relación con iste problema. Inclínome a crer que sí. Eiquí non quixeron arriscarse a tanto.

Dado gran interés que tiñas polo libro de López Peláez, a min prodúceme unha enorme alegría podercho regalar. Quero que o conserves como recordo amistoso. No sucesivo con moito gusto che comunicarei o coste dos libros que me encargaches. Podes estar seguro.

Moitos saudos nosos a Enriqueta e máis á nena. Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

* * *

XVII

Compostela, 26-VIII-62

Benquerido amigo:

Moito sentín non coincidir eiquí co teu paso por Compostela, porque era moi boa ocasión de botáremos unha longa parrafada sobre moitas cousas.

Alégrome de que che concedesen o traslado a Salamanca porque che interesaba a ti, xa que o pediches. Ahí podías convencer a Díaz de que adicase a súa preparación a traballar tamén en cousas galegas.

Mándoche tres tarxetas pra amigos de New York. Tamén lles escribo a iles anunciándolles que vas. Teño idea de que vas a Austin ¿non si? De calquera xeito, non deixes de poñer unhas letras dende alá. E si algo precisas ou che se antoxa de eiquí, non deixes de mo decir, pois mandarémoscho de boa gana.

Xa sei que, ó cabo, saíu o teu “TRISTÁN²¹”. É boa pena que non che percuren dunha vez ise fragmento galego do “AMADIS”.

²¹ O **Tristán** e a súa lenda tivo un forte impacto tanto na arte coma na literatura occidental dende a súa aparición no s. XII, no norte de Francia, no folclore céltico (Joseph Bédier afirma que todas as versións da lenda teñen a súa orixe nun poema bretón ou córnico). As dúas historias máis coñecidas son os contos do poeta anglo-normando Thomas e do poeta francés Béroul. Chrétien de Troyes tamén reclama a súa autoría, pero non existen evidencias que o demostren.

Istes dias agardo a visita do prof. Machado da Rosa²², da Universidade de Wisconsin. Dirixe alí a seición de Filoloxía luso-brasileira. Ten mentes de incluír nela un curso de cultura galega.

Xa sabes que a Universidade compostelá solicitou a creación da cátedra de galego. En Barcelona acaban de crear a de catalán. En lei dreita non deberían negarnos a nós o que lles concederon ós cataláns.

Moitos saudos nosos a Enriqueta e máis á nena e para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Si o Da Cal non estiver na Universidade por non teren comenzado aínda as clases, o seu domicilio é iste: 299 Riverside Drive. Aptº. 8- A.

* * *

A temática está moi influenciada pola materia artúrica e os cabaleiros da mesa redonda (libros de cabalerías que entran dentro da prosa literaria) con diversas variantes. No que atinxe ao galego-portugués, consérvanse fragmentos dun Tristán e Isolda: *O livro de Tristán*, que é un manuscrito do s. XIV.

²² **Alberto Machado da Rosa** (Angra, Açores, 1924). Licenciado en Filoloxía Xermánica pola Universidade de Coimbra en 1947. Graduado na Universidade de Wisconsin (Madison), onde foi profesor no Departamento de Español e Portugués. A súa tese de doutoramento estuda a figura de Rosalía de Castro: *Heine in Spain (1856-57). Relations with Rosalía de Castro* (Wisconsin, Madison, 1957) da que xa se ocupa en “Rosalía de Castro, poeta incomprendida”, en *R.H.M.* Nova York, xullo, 1954. Outros motivos rosalianos tratounos en traballos aparecidos nos *Cadernos de Estudios Gallegos* (aos estudos rosalianos contribuíron tamén outros portugueses como Jacinto de Prado Coelho ou P. Arlindo Ribeiro da Cunha). Editou a obra de Eça de Queiroz. Creou o Seminario de Cultura Galega en San Salvador de Bahía e fundou a *Luso-Brazilian Review* (1964). Publicou numerosos traballos de investigación sobre literatura española, galega, portuguesa e brasileira e foi membro da Academia Internacional de Cultura Portuguesa de Lisboa e profesor das Universidades de Nova York, Río Grande do Sul e Bahía. Morreu en 1974 en Monsaraz (Alentejo).

XVIII

Compostela, 20 de Nadal do 1962

Benqueridos amigos:

Hoxe chegou a vosa carta e tivemos unha gran alegría. As impresiós que nela refrexas son curiosas e, ás veces, mesmo divertidas. Máis ou menos vagamente, tiñamos deso unha idea, pro ti ofrécesnos unha imaxe moi viva e moi espresiva. Un curso por esas terras resulta unha experiencia interesante, pro maxínome que non convidará demasiado a demorar o retorno.

Xa vexo que, entre outras universidás, visitarás a de Wisconsin. Alí está o Sánchez Barbudo²³, que é un home intelixente e asinado. É bó amigo meu. Nesa Universidade crearon hai pouco a Seición de Filoloxía luso-brasileira –a primeira que funciona nos EE. UU.– i está ó fronte dela o profesor Alberto Machado da Rosa, que é especialista na literatura do século XIX e un dos grandes conocedores de Rosalía. Trata de incluír un curso de cultura galega na Seición. É home moi cordial, moi intelixente, de gran sensibilidade e moi superior a ise ambiente que ti me describes. Somos moi amigos. Tanto il como o Barbudo resulta-ranche moi gratos.

²³ **Antonio Sánchez Barbudo** (Madrid, 1910). Narrador e poeta, ensaísta e colaborador de revistas literarias (*Hoja literaria*, *Hora de España*, *El mono azul*). Exiliado en México e profesor en universidades de EE.UU. Autor de valiosos estudos literarios sobre A. Machado, Unamuno, Galdós, etc. Morre en 1995.

Figúrome que xa estarás enteirado da gran novidade que temos: creouse a Seición de Románicas eiquí en Compostela. Queren que comence a funcionar neste mesmo curso. De primeiras pensaban en tragner a Catalán²⁴ pra Gramática Histórica e máis a Clavería²⁵ pra Gramática Xeneral, mais ó cabo parece que se amañarán cos profesores que hai por eiquí. Está prevista, no 5º curso, unha cátedra de Lengua e Literatura Gallega. Cando te fuches seguramente que non contabas con esta novidade.

Si, salíu o 3º tomo do D. Eladio. Foi un bó esforzo editorial, dada a nosa limitación de medios. De todos os xeitos, agora estamos satisfeitos, porque é indudable a súa utilidade instrumental. Ademais das obras literarias que seguimos sacando sin interrupción, temos na imprenta a “Historia da Literatura Galega”, de Carballo Calero, e máis a edición crítica das “Cántigas de Escárneo e Maldecir”, edición preparada por Rodríguez Lapa.

O Ramón Lorenzo está en Colonia. Aconselloullo Dámaso. Non se afai moi ben na Alemaña. Está preparando a tesis doutoral.

Xa estamos preparando o primeiro tomo de documentos galegos medievais. Comenzaremos polos de Ourense. Ferro Couselo é o encargado de os escolmar e transcribir. Logo enviaremoscos a ti pra que fagas o estudo lingüístico

²⁴ **Diego Catalán Menéndez Pidal** (Madrid, 1928–2008). Catedrático de Filoloxía Hispánica. Medievalista, gran estudoso e investigador do *Romancero*. Coordinou o *Romancero panhispánico* (1983-84) e publicou traballos sobre Alfonso X, a épica española, dialectoloxía, etc.

²⁵ **Carlos Clavería**, naceu en Barcelona en 1929. Catedrático universitario que exerceu a docencia en universidades de Hamburgo, Estocolmo, Pensylvania, Upsala ou Los Ángeles, salienta ademais como investigador da literatura española. Dirixiu o Instituto de España en Londres e Munich. Publicou, entre moitos outros libros, *Cinco estudios de literatura española moderna* (1945) e *Temas de Unamuno*. No terreo da lingua é autor de *Estudios sobre los gitanismos del español* (1951).

correspondente. Con tres ou catro tomos pode resultar unha colección interesantísima pra o estudo do galego medieval ¿Non coidas?

Agradézoche moito a promesa do teu “Tristán”.

Un rumor moi insistente que circula por eiquí é que Moralejo decidiu marcharse pra Madrid. Non sei si será certo ou non, pro fálase moito deso.

¿De maneira que ides ter un fillo americano? Nada sabiamos e desexamos que veña con toda felicidade. Será, quizáis, o primeiro americano destinado a se criar en Salamanca. Terá, por eso, unha dobre ventaxa psicolóxica: fronte ós salamanquinos sentirase fillo dun país grande e poderoso, sentirase americano; fronte ós americanos sentirase herdeiro espritoal da tradición salmanticense. E terá razón nambos casos.

De todo corazón vos desexamos un feliz Nadal e un ledo Aninovo.

Unha forte e cordial aperta dos vossos amigos

Ramón

Isabel

P.D. Si precisas algún libro ou algunha cousa deiquí non deixes de mo decir. Vale.

* * *

Compostela, 9-I-72

Querido Xosé Luis:

Como podes ver, non me esquezo dos teus encargos. Ao cabo atopéi o meu exemplar da "Vida y Viajes Literarios" de P. Sarmiento editada no 52 por Viñas Cortegoso. Como se trata dun exemplar ofrecido e adicado por Viñas, non quero desprenderme del. Eso si, podes telo no teu poder todo o tempo que queiras.

Coido que non te esquecerás de aquela idea que elaboramos conxuntamente de publicar este ano un tomo antolóxico de Sarmiento no que se refire a una visión de Galicia.

Hoxe tuven carta do R. Lapa e anunciame que vai dar unha volutina por aquí dentro de pouco.

Lembraran aos teus. Para ti unha aperta de

Ramón

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Compostela, 7- VI- 73

Querido Xosé Luis:

Recibín a carta de Campomane
que me mandaches. Coido que é un documento interesante
para a nosa historia económica-social. E non deixa de
ser ben azeitada a comparación que fai das ideas do político
asturiano coas do amigo frade galego de S. Martín.

Os rapaces de ahí desvolvéronme as notas
da conferencia e con elas mandáronme a resúmen de "El
Adelanto". Eles fixeron unbre resúmen no "Ideal Gallego".

Dille a Enriqueta que o paraguas xa
está arranzado.

Hoxe recibín carta dun frade cisterciense gale-
go que está de crego en Madrid e contame que lle admitiron
en Comillas a tesina de licenciatura en galego.

Apertas nosas pra os catos. Pra ti unbre moi
forte do teu amigo

Ramón

XIX

Compostela, 12-VII-63

Sr. D. José Luis Pensado
SALAMANCA.

Querido José Luís:

Pola vosa carta do 5 vemos que xa estades de volta en Salamanca e que arrequeceu a familia con unha pacífica texana. A nosa cordial noraboa e que se aclimate axiña ó novo ambiente salamanquino.

De sobra me decatába de que polo curso non ibas ter moito lecer pra escribir cartas, pois a chegada dun naipelo i as conferencias que pensabas dar en varias universidades, xunto coas experiencias de aquil xeito de vivir, enchían de sobra o tempo i o humor. Alégrome de que, ó cabo, veñades con lembranzas gratas.

O día 22 penso ir a Vigo e xa me ocuparei de que che envíen o 3º tomo do Dicionario de D. Eladio.

Moito me alegro da noticia que me dás tocante ó teu libro de estudos de lingüística galega. Esa é unha gran noticia. Ha ser un libro moi manexado e moi útil na nova Seición de Románicas.

Os documentos galegos das terras de Ourense –que serán os que vaian primeiro no tomo – está transcribíndoos Ferro Couselo. Hai algúns moi interesantes. Irán ordeados en tres partes: unha que refrexará a vida na ciudá de Ourense, outra

que refrexará a vida nos mosteiros, i a terceira que refrexará a vida no campo. Levarán notas históricas de Ferro e mandaremos a ti pra que fagas o estudo lingüístico. Será, de certo, un fermoso libro o que resulte. Despois haberá que sacar outro tomo de documentos compostelanos, etc. En conxunto farán unha espléndida base documental pra estudar o galego medieval. Por certo que un dia díxome D. Américo Castro que cando il era novo púxose a traballar no leonés e recorreu as terras do vello reino á procura de materias. Aseguroume que en Salamanca atopou documentos galegos e que chegou a tomar moitas notas pra unha Gramática histórica galega. Como Salamanca pertencía eclesiásticamente á xurisdición compostelana, pode ser que se producira algunha influencia galega antes de que Alfonso X a castellanizase.

Xa temos en Vigo os libros de biblioteca galega de Fermín Penzol. Orgaizouse a cousa en forma de Fundación. Quedou moi ben instalada. A inauguración foi na primaveira e celebrouse con unha conferencia de Rodríguez Lapa sobre o aital florecemento dos estudos de filoloxía galego-portuguesa nos medios romanísticos italiáns. Eiquí na “Fundación Penzol” imos crear tres Seminarios: de Filoloxía e Lingüística Galega, de Estudos Históricos e de Estudos Económicos e Sociás. No Seminario de Filoloxía e Lingüística publicaremos ises tomos de documentos galegos e quizáis a edición crítica das Cantigas de Escarne e Maldicer que preparou Lapa. No labor dese Seminario seranos moi util e moi valiosa a tua colaboración.

Por eiquí anda o Clavería. Quedou moi impresionado coa ruda discordia Moralejo-Moreno Báez²⁶. Non sei si se marchará pra Oviedo.

²⁶ **Enrique Moreno Báez** (Sevilla, 1908—Madrid, 1976). Foi catedrático de literatura española nas universidades de Oviedo, Santiago de Compostela e Madrid. Publicou numerosos estudos (sobre a novela pastoril, sobre Gabriel Miró, sobre o Barroco) e ensaios dos que salientamos *Nosotros y nuestros clásicos* (1961), *Los cimientos de Europa* (1971) ou *Reflexiones sobre El Quijote* (1974).

Tamén anda por eiquí o profesor Rubia Barcia, da Universidade de California. Estivo disfrutando o ano sabático e agora volta a Norteamérica.

Xa vin o anuncio da inminente aparición da “General Estoria”.

Non sei si saberás, seguramente que si, da falcatruada que lle fixeron recentemente ó teu paisano Pepe Manteiga²⁷. Fixo oposicións en Madrid a Cátedras de Instituto e foi un dos máis brillantes opositores. Cando todos coidaban que levaría un dos primeiros números, o tribunal, que era de González Alvarez, deixouno fora do derradeiro exercicio.

Moitos saúdos nosos a Enriqueta. Pra ti tamén unha forte e cordial aperta de

Ramón

* * *

²⁷ O opositor aludido é **Xosé Manteiga Pedrares** (Aro—Negreira, A Coruña, 1934), catedrático de Filosofía de Ensino Medio, axudante de cátedra de Ética da Universidade de Madrid e discípulo de José L. López Aranguren. Foi por algún tempo profesor de Fundamentos de Filosofía na USC e logo de institutos de Ferrol e Santiago. Participou na vida política galega (Partido Galego Social Demócrata e Partido Galeguista) e colaborou na revista *Teima*. Foi un dos fundadores da Editorial Sept.

XX

Compostela, 25-I-64

Sr. D. J. L. Pensado
SALAMANCA

Benquerido José Luís:

Polo Nadal tiven que facer unha viaxe a París e logo viñen por Barcelona. Con esta ausencia, cando viñen tiven que atender a unha chea de atafegos urxentes e fóronme demorando as cartas que debía de escribir. Quero comezar pola que che debo a ti, en primeiro lugar pra vos desexar un bó ano a todos e logo pra contestar á tua do día de San Silvestre.

Levei unha gran alegría coas novas que me das dos teus traballos de lingüística galega. Por fin comezamos a contar con bibliografía propia, pois deica agora cáseque todos os traballos de lingüística galega estaban feitos por alemás. Non sabes canto me alegro do teu entusiasmo traballador.

Como a mín acaban de me elexir académico da Gallega —máis que nada porque teño alí moitos amigos— aproveitei esa circunstancia pra conquistar que che se envíen os fascículos do Diccionario e mailos Documentos. Non me esquezo e tratarei de o xestionar canto antes.

Si o Alonso non che envía as fotocopias do Vocabulario de Olea comunicámolo pra chas percurar eu de contado. En Lugo, por que son de alí, teño bós amigos.

Falarei persoalmente co Ferro pra ver de che facilitar o texto do “Libro de Albeitería”. Si está esgotado, que che envíen en préstamo un exemplar. O Ferro vai avanzando na transcripción dos documentos galegos de Ourense. Si

remata axiña, ó mellor fago eu unha escapada pra chos levar e botáremos unha longa parrafada.

Moitos saúdos nosos pra Enriqueta e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón

* * *

XXI

Compostela, 2-III-64

Benquerido José Luis:

Velahí as fotocopias do vocabulario de Olea que agora mesmo acabo de recibir de Lugo. Coido que están craras e que che valerán pra o teu traballo. Chócame que sendo un vocabulario recolleito en Lemos, hoxe terra de ceceo, aparece en cambio ben sinalado o seseo (carriço, bouça, louça).

Conto con che enviar os fascículos do Dicionario da Academia dentro de poucos días. E non me esquezo do Tratado de Albeytería²⁸. Na primeira ocasión que vaia a Ourense tratarei de resolver o asunto. Por certo que na

²⁸ José Luis Pensado Tomé, (ed.) (2004): Jordanus Rufus: *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Edición que se publicou des-pois da súa morte e que representa un tratado técnico (sobre os cabalos, “De Medicaminibus Equorum”) dentro da prosa medieval galego-portuguesa.

Academia tiñan unha edición preparada, con estudo preliminar de Martínez Salazar, e logo presentouse alí o Fontenla, retirou o manuscrito do Tratado e publicouno il no Boletín de Ourense.

O Lorenzo está facendo os catro meses de cuartel que tiña pendentos do servicio militar. Aínda non está en condicións de opoñer a cátedras, porque non ten aprobada a tesis.

Estivo por eiquí o Herculano de Carvalho²⁹, de Coímbra. Tamén anda por eiquí estes días Montero Díaz³⁰.

Moitos saudos nosos a Enriqueta e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

* * *

²⁹ **Alexandre Herculano de Carvalho**, publicou artigos como “Sobre a creación poética” en *Grial*, nº 5, 1964 (en lingua galega), ademais de libros coma “*Pequena contribución á historia da lingüística: Observações (algo tardias) á “lingüística cartesiana de Noam Chomsky”* ou *Teoria da linguagem*, 1983- 1986, as dúas da Ed. Coímbra.

³⁰ **Santiago Montero Díaz** (Ferrol, 1911–1985). Bibliotecario da USC e catedrático de Historia medieval da Universidade de Murcia, da que pasou á de Barcelona e logo a Madrid. Publicou incontables estudos e ensaios sobre a Antigüidade –historia, literatura, relixión, filosofía, etc.– sen que faltasen obras e figuras galegas como Nóvoa Santos, o Padre Feixóo, Diego Xelmírez ou o Tumbo A de la catedral de Santiago. Pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos e á Sociedade Económica de Amigos do País, de Santiago.

XXII

Compostela, 13- III- 64

Sr. D. José L. Pensado
SALAMANCA

Benquerido José Luís:

Xa vexo que o vocabulario de Olea resulta complicado de interpretar. Non lles conozo realidade aitual a “creia” nin a “miel”. Chócame, en cambio, que apareza a forma almexa co significado de “ciruela”, porque a forma viva é ameixa por terras luguesas. Farei algunha pescuda por terras de Lemos en relación co esa palabra Fr... “cassa coberta con madeira”. Eu non dou con ela. Sempre me chamou moito a atención que un soto pequeniño da casa dos meus abós, situado entre o río e un prado, ten o estrano nome de “Casal de feas”. Nunca comprendín que quería decir. Agora éntrame a sospeita de que puidese significar “casa de madeira”, referíndose a unha cabana ou algo así. Pescudaremos. Si algo aparece xa cho comunico de contado.

Recibín o teu “Tristán³¹” e máis o traballo sobre “As ordenanzas de Bello”. Moi agradecido por ambas cousas, que lerei agora nistes dias de calma que se aveciñan.

³¹ *Fragmento de un “Livro de Tristán” Galaico-Portugués*, de José Luis Pensado Tomé, foi publicado en 1962 polo Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos. Vx. tamén o traballo coordinado por Pilar Lorenzo Gradín; *Livro de Tristan e Livro de Merlin: estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2001.

Inda non me enviaron da Academia os fascículos do Dicionario, pro como mos teñen prometidos reclamareinos. Non me esquezo.

Onte entregoume D. Xesús Carro o orixinal dunha obra sua encol da “Pelingrinaxe ao Xacobe de Galiza”³². Traballou nela nistes derradeiros anos e consiste no estudo das pelingrinaxes xacobeas ó longo dos tempos. Está escrita en galego.

Moitos saúdos a Enriqueta e de Isabel pra os dous. Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

* * *

³² **Carro García, Jesús** (Santiago de Compostela, 1884—1973). Ordenouse presbítero en 1909 e foi secretario dende 1916 da Sociedad de Amigos del País. Estudou arqueoloxía prehistórica e protohistórica. Membro da RAG (1925) e encargado da sección de Arqueoloxía e Historia da Arte no Seminario de Estudos Galegos (1928). Foi un dos maiores divulgadores da cidade compostelá a través das súas charlas e conferencias, emitidas pola BBC de Londres (1943-54). Escribiu artigos na prensa e en revistas coma *Nós* ou o *Boletín* da RAG. Publicou, entre outras obras, *Las catedrales gallegas* (1950), *Estudios jacobeos* (1954) ou *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia* (1965) citada por Piñeiro nesta carta, publicada pola editorial Galaxia en 1965.

XXIII

Compostela, 28-III-64

Querido José Luís:

Por fin conquerín que che enviasen os fascículos do Dicionario. Pra ganar tempo fixen que chos enviasen directamente dende a Academia. Coido que xa os terás ahí. Polo visto quédanlles moi poucos exemplares de reserva e por eso se resisten a se desprender diles. Pro é ben evidente que si alguén ten dereito a dispor diles eres ti. Agora xa estou tranquilo. Bueno, tranquilo de todo aínda non, mentres non che envíe o texto do “Tratado de Albeytería”. Pro non me esquezo. Xa ves que son cumpridor dos encargos.

Fixen algunhas pescudas encol desa enigmática palabra “Fr...” pra desinñar a “casa coberta de madeira”. Con ise significado concreto non atopei nada. En cambio, na toponimia luguesa aparecen con certa frecuencia estas dúas palabras: “Feal” e “Frean”. A segunda semella corresponder máis coa tua lectura, i é, por certo, a forma que recollín nas terras de Lemos (“Feal” recollina da Terra Cha). Tanto unha como outra aprícanse a paraxes que ás veces carecen de toda edificación, pro non sempre, porque hai, por exemplo, “o muiño do Feal”, ou un lugar chamado “Frean”. Non sei que significado orixinario terían “o feal” ou “o freán”. A forma “Feás”, que incluso é apelido, sería, coido, o plural de “Feal”.

Sinto non che poder facilitar datos máis valiosos, pro polo de agora nonos atopei. Si che valen de algo os que che dou, alegrareime.

Saúdos a Enriqueta e de Isabel pra os dous. Pra ti unha forte aperta do teu amigo certo

Ramón

* * *

XXIV

Compostela, 30-IV-64

Sr. D. José L. Pensado
SALAMANCA.

Querido José Luís:

Recibín hai dias a tua carta. Como esta quincena tivemos ó Rodrigues Lapa eiquí en Compostela, demorei a correspondencia.

Moito me alegro da coincidencia co gran Michelena, que é un dos meus millores amigos. Imaxino facilmente as vosas animadas conversas, que serían, estou seguro, moi gratas pra ambolos dous.

Con moito gusto publicaremos o teu estudo dos “Vocablos gallegos oscuros”, e percuraremos a maior rapidez.

Penso facer pescudas en percura do manuscrito do “Tratado de Albeitería”. Entramentres, si che interesa o texto publicado por Rodriguez Fontenla no “Boletín de Orense” pensei nunha solución pra cho mandar: facer o microfilm. Ahí terás, coido, aparato pra o leres. Xa me dirás si che interesa ou non.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

* * *

XXV

Compostela, Aninovo do 1.965

Benquerido José Luís:

Certamente que me ganaches a dianteira, pois hoxe ó chegar de Lugo atopeime eiquí coa tua carta. Dende a soleira do novo ano, que é, como sabes, ano Santo Xacobeo, desexámosvos moitas e ledas venturanzas. Confiemos en que o vello Sant-Iago se canse de matinar nas falcatruadas dos mouros e repare un pouco nas falcatruadas dos cristiáns, e faga mellorar algo as cousas.

Tamén nós tivemos bastante rebumbio nistes meses, pois eu tiven que facer varios viaxes e mentres embarrulláronseme eiquí os traballos. Aínda non fixen o discurso pra o ingreso na Academia e xa comenzan a protestar os graves varóns que coidan da pureza reglamentaria da vida institucional.

¿De modo que o diaño do Olea procúrase bastantes problemas co seu vocabulario? Bueno, estou seguro de que, pouco a pouco, as esfínxes irán desacobillando o seu misterio vencidas pola tua vontade escudrumadora.

Nunha ocasión dixéchesme que ibas facer unha “Gramática Histórica Galega” pra Gredos. Inda que non

me volviches falar dela, teño a esperanza de que non desistises do propósito. Sería ben importante. Figúrome que a irás facendo paralelamente a íses outros traballos.

Xa me figuro que estaredes aburridos de tanta antroidada unamunista. Con todo fan igual: farsa propagandística.

Nestes dias sairá o libro de D. Xesús Carro “A pelingrinaxe ao Xacobeo de Galicia”, no que recolle canto dato se conoce sobre o tema das pelingrinaxes xacobeas.

O mercedario P. Crespo publicou unha “Contribución a un vocabulario castellano-gallego” de case 700 páxs. Figúrome que xa o conocerás. Está feito con pouco rigor, inda que ás veces dá datos interesantes.

Moitos saúdos nosos a Enriqueta e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

* * *

XXVI

Compostela, 23-VIII-65

Querido Xosé Luis:

Acabo de chegar de Lugo. Entre a correspondencia que me agardaba eiquí atopeime con unha tarxeta do Ramón Lugiús³³ anunciándome que toman o avión pra New York

³³ **Ramón Lugiús Pérez** (Ferrol, 1932). Fixo estudos de Filosofía e Letras na USC. Foi membro do Partido Socialista Galego, colaborou arreo en *La Noche* e estivo moi vencellado a Ramón Piñeiro, que pro-

porque ten que botar alí tres meses antes de se incorporar definitivamente ao seu novo destino londinense. Escríbolle anunciándolle que dentro de pouco chegaredes vós alí camiño de Wisconsin e que convén que vos agarden no aeroporto. Como nós saímos mañán pra Portugal convidados por uns amigos e non volvemos deica o 31, o máis seguro é que ti lle escribas directamente ao Lugrís —eu xa lle anuncio a tua carta— decíndolle a data da vosa chegada a New York.

Desexándovos un bó viaxe e con saúdos nosos pra Enriqueta, e de Isabel pra ti, recibe unha forte e cordial aperta de

Ramón

As señas do Lugrís son : R. Lugrís- 305 East 40 th St., apt. 11-B, New York, N. Y. 10016.

* * *

logou o seu libro *Vicente Risco na cultura galega* (1963). Traballou en numerosos medios de comunicación (BBC, Axencia EFE, RNE, etc.) e residiu en Londres, Río de Xaneiro e Nova York, cidade na que foi tradutor na ONU. Foi Tamén colaborador de *Grial*.

XXVII

Santiago de Compostela, 21-XI-66

Sr. D. José Luis Pensado
SALAMANCA

Querido José Luís:

Hai varios séculos que non sei de ti. Coido que teredes regresado de Wisconsin e que estaredes invernando en Salamanca.

Eu tamén estiven polos EE. UU. durante o vran. Os da Spanish School de Middlebury convidáronme a dar un curso sobre o pensamento de Ortega y Gasset e con tal motivo alá fun. Por rara coincidencia, convidáronme tamén pra asistir ó VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, que se celebrou do 6 ó 12 de setembro nas Universidades de Harvard e Columbia (sucesivamente, craro), e alí coincidín co Celso Cunha, co Piel, co Herculano de Carvalho, co Rossi e con varios amigos máis. Tamén iba ir o Lindley Cintra, que ó cabo non foi. Estivo Pilar Vázquez Cuesta. O Celso Cunha propuxo a creación de unha Comisión internacional de lingüistas pra o estudo do galego. Co Celso tamén apoiou a proposta o Da Cal. Alí quedou aprobada. Non sei, porque eso será máis difícil que tomar o acordo, como se levará³⁴ á realidade. En todo caso agardo que me irán informando i eu xa te informarei a ti.

³⁴ Seguramente, erro por “levará”.

Onte recibín un paquete postal enviado polo Rodrigues Lapa, no que viñan dous exemplares do derradeiro libro seu, un pra min e outro pra ti. Hoxe mesmo o levei ó correo. Envieicho á Facultade.

Con lembranzas de Isabel e miñas pra toda a familia, especialmente pra Enriqueta, recibe unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Si lle queres escribir ó Lapa agradecéndolle o libro, as señas son: ... ANADÍA- Portugal.

* * *

XXVIII

Compostela, 9-I-67

Benqueridos amigos:

Hoxe chegamos de volta a Compostela, pois durante estas festas estivemos ausentes. Pola vosa tarxeta comprobamos que estades de novo en Salamanca, pois a verdade é que tiñamos dúbidas si fórades a América pra un curso ou pra dous.

Nada soupen da morte do teu pai. Como eu temo esa mesma desventura en calquera intre, porque o meu xa cumpríu os 91 anos i está moi esmorecido, comprendo ben a tua mágoa. De corazón che desexo a necesaria fortaleza de espírito pra superala con serenidade. Diante de feitos tan inevitables e tan irreversibles non nos cabe outra cousa que a serena conformidade.

De boa gana faremos por vos visitar niste inverno, pois polo vran iremos de novo aos EE. UU.

Cos nosos mellores desexos de venturanza pra todos vós no 67, recibide unha cordial aperta de

Ramón

Isabel

Dinlle o teu recado ao libreiro. Quedou en mandarche ise cuadernillo.

* * *

XXIX

Feliz Nadal e ledo Aninovo

Cos mellores desexos de venturanza pra esa familia no novo ano, unha cordial aperta de

Isabel e Ramón

Compostela, Nadal de 1970

Iste ano que ven non iremos a América, así que poderemos vernos polo vran cando veñades.

* * *

XXX


Querido José Luis:

Non sei se estaredes xa de volta do Canadá. En todo caso, non tardaredes moito.

Mándoche os prospectos do libro do P. Sarmiento que estamos espallando polo mundo cultural galego. Fixémoslos en galego e mais en castelán. Mándoche as dúas versións. Non me apresurei a mandarchos antes porque sabía que estabas de viaxe.

Aínda non atopei o exemplar do “Viaje a Galicia”. Non me esquezo del e xa cho mandarei en canto o atope.

Como xa se vai achegando o ano 72 compre que non deixes de preparar ise libro coa antoloxía de textos de Sarmiento sobre Galicia. Será un bó homenaxe divulgar o que pensaba sobre o seu país.



Resulta que os homes encargados de traer a lauda romana ao P. Sarmiento confundíronse de pedra e trouxeron unha lousa sepulcral calquera. O bó do Bouza ficou estantío.

Saúdos nosos a Enriqueta e ás raparigas. Para ti unha forte aperta do teu amigo certo

Ramón

* * *

XXXI

Feliz Nadal e ledo Aninovo

E que o 72 veña con intencións venturosas

Apertas para todos

Isabel e Ramón Piñeiro

Sentín moito non estar en Santiago cando estiveches a formar parte do tribunal da pimpante Doutora Enríquez. Neses días estiven fora.

Xa lin o traballo que publicaches en “Revista” sobre NISO e NISAL. Por certo que lembro un libro de Carmelo Lisón³⁵ sobre Antropología Cultural de Galicia (pág. 307)

³⁵ **Carmelo Lisón Tolosana** (Zaragoza, 1929). Catedrático de Antropología Social na Universidade Complutense de Madrid. Doutorado en Oxford. Ten publicados diversos traballos antropolóxicos sobre Aragón ou Galicia, entre eles, *Antropología cultural de Galicia* (1971) ou *Perfiles simbólicos de la cultura gallega* (1984), ademais de diversos ensaios e artigos.

vin que a palabra “escá” —como equivalente a aproximadamente 10 kilos— está aínda viva en Lovios (Ourense).

¿Lémbreste que quedamos en publicar no 72 un libro antolóxico de Sarmiento coa súa visión de Galicia? No vran falamos deso e quedaches en preparalo. Naturalmente, debe levar un prólogo teu.

Hai tempo que non vexo ao Isidoro. Xa sabes o feliz que se puxo coa ara romana que veu da vosa terra, porque resulta que aparece nela un nome céltico.

Unha aperta

Ramón

* * *

XXXII

Compostela, 9-I-72

Querido Xosé Luis:

Como podes ver, non me esquezo dos teus encargos. Ao cabo atopéi o meu exemplar da “Vida y Viajes Literarios” do P. Sarmiento editada no 52 por Viñas Cortegoso³⁶. Como se trata dun exemplar ofrecido e adica-

³⁶ **Luis Viñas Cortegoso** (Pontevedra, 1912—Vigo, 1999). Alumno da Institución Libre de Enseñanza. Mestre e pedagogo que pertenceu ao corpo de Inspectores do Ensino Primario. Foi un dos fundadores de Galaxia e en 1948 asociouse con Xosé M^a Álvarez para fundar a Almoneda Monterrey, de compravenda de libros e bibliotecas e, xa en 1950, a Editorial Monterrey, onde Viñas publicou, en 1952, *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento*, libro ao que fai referencia Ramón Piñeiro.

do por Viñas, non quero desprenderme del. Eso sí, podes telo no teu poder todo o tempo que queiras.

Coido que non te esquecerás de aquela idea que elaboramos conxuntamente de publicar este ano un tomo antolóxico de Sarmiento no que se refreixe a súa visión de Galicia.

Hoxe tuven carta de R. Lapa e anúnciame que vai dar unha voltiña por eiquí dentro de pouco.

Lembranzas aos teus. Para ti unha aperta de

Ramón

* * *

XXXIII

Compostela, 22-II-72

Benquerido Xosé Luis:

Non conquerín informes válidos sobre as preguntas sarmientinas que me facías na tua carta. Non deixarei de seguir pescudando e, si algo aprendo, xa che comunicaréi o resultado.

Mándoche este folleto que teño hai ben anos e que seguramente xa o conoces.

Xa saberás, coido, que se celebraron as oposicións á cátedra de Lingüística e Literatura Gallega. Actuou únicamente o Carballo Calero, pois o Blanco Carril non compa-

recéu. Carballo fixo boa oposición e levóu a cátedra co voto unánime do tribunal.

Saúdos para toda familia. Para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón

O Instituto P. Sarmiento vai publicar a “Historia Troyana³⁷” (manuscrito da Biblioteca Menéndez Pelayo) preparada por Kelvin Parker.

* * *

XXXIV

Compostela, 21-III-72

Benquerido Xosé Luís:

Dixéronme que nestes días pasados fuches elixido académico correspondente da Real Academia Española. Alégrome ben e non quero deixar de che enviar os nosos cordiais parabéns.

De veras temos ganas de dar unha voltiña por Salamanca e inda tiñamos mentes de ir antes da Semana Santa, pro ao cabo no puidemos ir por causa dos mil enredos que xurden a cotío.

³⁷ Esta obra foi publicada en 1975. Destacamos tamén a memorable edición da *Crónica Troiana*, (1985) de Ramón Lorenzo, publicada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Comprendo moi ben que sintas faterna de tantos problemas como che prantexa o galego de Sarmiento, sobre todo polas dificultades para traballar con proveito sobre eles. Eu coido que algunhas preguntas –sobre todo as relacionadas con creencias de tipo popular, como “xaira”, “fies de Deus”, “antaruxa”, etc.–, poderías facerllas a Antonio Taboada Chivite³⁸, que é un excelente discípulo de Vicente Risco e de Cuevillas, traballa ben e, ademáis, é home intelixente e cordial. El vive en Verín (Ourense).

Saúdos nosos para toda a familia. Para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón

* * *

XXXV

Compostela, 27-III-72

Querido Xosé Luis:

Non conozo persoalmente a D. Manuel Rodríguez, director do Seminario de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia, pro nós tivemos algunha relación con el. Trátase dun frade –coido que marista– que viviu varios

³⁸ Debe tratarse de **Xesús Taboada Chivite** (Verín, Ourense, 1907–1976). Un dos máis ilustres persoeiros dos estudos en Prehistoria, Arqueoloxía, Etnografía e Antropoloxía do século pasado, simpatizante da Xeración Nós e amigo de Xoaquín Lorenzo Fernández, co que desenvolveu un importante labor no Instituto de estudos galegos “Padre Sarmiento”, realizando diversas excavacións e importantes estudos antropolóxicos de carácter científico.

anos en Madrid, en tempos adscrito a un centro oficial de Misións e posteriormente a unha Residencia universitaria –coido que o C.M. César Carlos, ou outro semellante– . Habará uns tres anos veu para Santiago e está no Colexio Maior Gelmírez, que é dos Maristas.

A relación nosa con el foi espistolar e en dúas ocasións distintas: habará oito ou nove anos escribiunos decindo que tiña mentes de facer unha Hagiografía de Galicia –en realidade de todo o territorio da vella Galecia– e preguntábanos si habería posibilidades de publicación para unha obra así; habará dous ou tres anos escribiunos de novo decindo que estaba en Compostela, que non poidera realizar a sua anunciada obra a causa de outras ocupacións e que agora estaba a traballar sistemáticamente nela. Polo que nos decía, tiñan xa papeleteados todos os santuarios das costas galegas.

Teño a impresión de que é un home un tanto solitario, non sei cal é a sua formación técnica e todo indica que ten gran afición a este tipo de estudos. Sin duda lle axudarán algúns rapaces da Residencia. Seguramente chegaría a reunir moito material.

Unha forte aperta de

Ramón

* * *

XXXVI

Compostela, 15-IV-72

Querido Xose Luís:

Hoxe, sábado, non deixamos de nos lembrar que hai oito días estabamos ahí disfrutando da vosa cordialidade amistosa. Foi un día moi grato que fará para sempre grata a imaxe de Salamanca. Pasámolo moi ben e estamos moi ledos.

O viaxe de volta fixémoslo ben, inda que ao chegáremos a Sanabria atópamonos con que estaba nevando copiosamente. Os montes estaban brancos e, nalgunhas partes, a neve estaba moi pimpante ás beiras da estrada. Craro que o tránsito era normal e non había motivo de alarma. Isabel apurou canto puido e, arredor das tres, xa estabamos en Verín e paramos alí a xantar.

Avisei a Vigo que che enviasen a “Historia de Galicia” (dous tomos) e mais o primeiro tomo do Dicionario do P. Crespo. Supoño que chos mandarán axiña.

Eu mándoche o tomo II da Escolma de Poesía Galega (séculos XIV a XVIII)³⁹, que teño entendido que che interesa e está esgotada. De paso, inclúo unha monografía sobre o escultor Eiroa⁴⁰ para que a escultora Carmiña vaia

³⁹ *Escolma de poesía galega, II (s. XIV ó XIX)*, Vigo: Ed. Galaxia, Col. Pondal, 1959. Ordenación, estudos e notas por Xosé M^a Álvarez Blázquez.

⁴⁰ **Xosé Eiroa** (Santiago de Compostela, 1892—1935). Escultor, nas súas obras predomina o tema da muller. Pertence á xeración de artistas nados ao redor do 1900, unha xeración marcada polo sentimento nacionalista (no taller dos seus pais coñece a Dieste, Maside ou Cunqueiro). Ten unha importante obra, a pesares da súa morte prematura. Nas súas esculturas *Maternidade*, *Leiteira*, *Rapaza*, atopamos sempre a Galicia, esa Galicia campesiña, ensinismada, que soña cun futuro aínda por chegar, construída cos materiais propios da terra que lembran aos canteiros das aldeas.

conocendo algo do arte galego. E tamén unha antoloxía de contos, por seren as dúas moi lectoras.

Apertas nosas para os catro

Ramón

Isabel

* * *

XXXVII

Compostela, 8-IX-72

Benquerido Xosé Luís:

Figúrome que xa estaredes de volta en Salamanca e que xa terás na imprenta o Discurso de Apertura. Por eso confío en que agora poderás ocuparte da colaboración para o GRIAL e mais do libro antolóxico de Sarmiento que queremos editar en Galaxia.

Eu avisei a Galaxia que che manden por triplicado a factura da “Historia de Galicia” para que a poidas incorporar ao Departamento. Tamén teño no meu poder un grabado grande coa imaxe e a firma de Sarmiento que fixemos para a exposición do libro galego que se celebróu en Barcelona, que che entregarei na primeira ocasión.

Non me esquecín da cantiga popular que cita incompleta Sarmiento e que che interesaba completar. Nun traballo de Francisco Lanza⁴¹ sobre o folklore de Ribadeo, ato-

⁴¹ **Francisco Lanza Álvarez** (Ribadeo—Lugo, 1892). Escritor e xornalista. Fundou o semanario *La Comarca* en 1919. Destacamos *Ribadeo antiguo: noticias y documentos* (Madrid, 1933), un libro con

pei esta cántiga que debe cadrar coa que ti andabas a percurar. Di así:

O cura e mai-la criada
xogan ós tiribiquiños;
a criada cai de espaldas
i o cura cai de fuciños

Aínda non puiden facer xestión na Academia sobre os Documentos galegos que eles publicaron e che interesan. Non me esquezo.

Saúdos nosos para os catro. Para ti unha forte aperta de

Ramón

* * *

ilustracións en buxo do pintor Suárez Couto e cun prólogo de Antón Villar Ponte. Emigrou a Bos Aires, onde foi redactor de varios xornais e publicacións e faleceu nesa cidade en 1951. Dous anos máis tarde o Centro Galego da capital arxentina editou o seu traballo biobliográfico *Dos mil nombres gallegos*.

XXXVIII

Compostela, 21-IX-72

Benquerido Xosé Luís:

Recibín o exemplar de “Vida y Viajes Literarios” editado polo Viñas Cortegoso.

A copla de “O cura e mai-la criada” foi publicada por Francisco Lanza nun traballo que apareceu no número 61 da revista “Nós” co título “Folklore de Ribadeo”. Sin dúbida haberá algunhas variantes, como se bota de ver por esa que recolléu o Benchosey na terra de Moreiras.

Esa idea de editar os textos de Sarmiento e Sobreira co título de “Dous lingüistas galegos do XVIII” coido que pode ser interesante para Galaxia. Polo que vexo vas recollendo os traballos de Sobreira.

Nestes días pasará por ahí o profesor Agostinho da Silva⁴², pois díxome que viría de Lisboa por Salamanca porque desexa coñecer. El é portugués de nacemento –foi brillante discípulo de Leonardo Coímbra–, mas pasou

⁴² **George Agostinho Baptista da Silva** (Porto, 1906–Lisboa, 1994). Filósofo, poeta e ensaísta portugués. Cursou Filoloxía Clásica na Universidade do Porto e escribiu para a revista *Seara Nova*. Foi bolseiro na Sorbona (París) e profesor en Aveiro ata que tivo que exiliarse no Brasil, onde viviu ata 1969 entre as universidades de Río de Xaneiro e Pernambuco, participando na creación de diversos centros de estudos portugueses. Regresa en 1969 á Universidade Técnica de Lisboa. Coma un dos principais intelectuais portugueses destaca o seu libro *Sete cartas a um jovem filósofo* (1945).

vinte anos no Brasil e nacionalizouse brasileiro. Os militares brasileiros adiantáronlle a xubilación e agora vive en Europa. É home intelixente, fino, moi ben informado e de grande cordialidade. Conoce maravillosamente ben a realidade portuguesa e mais a brasileira. Viaxóu moito. Ten gran devoción por Galicia e moito interés por conocer a fondo a nosa cultura. A Universidade Federal de Mato Groso nomeouno delegado en Europa. É home que pensa moito mais no futuro que no pasado.

Saúdos nosos para os catro. Pra ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón

* * *

XXXIX

Compostela, 26-IX-72

Querido Xosé Luis:

Póñoche unhas liñas sin demora para rectificar unha información que che dei na miña carta anterior.

Resulta que eu tiña unha nota coa cantiga popular que che mandei –porque completaba os versos da que cita incompleta Sarmiento, e tiñas interés en completala–, e logo, cando me preguntaches a fonte, díxenche que Francisco Lanza. Onte, remexendo nos papéis aotpéi, efectivamente, unha nota coa versión que dá Francisco Lanza, que non é a mesma que eu che mandei. A que dá Lanza (en “Nós”, nº 114, nun traballo titulado “Falan os de Ribadeo”), é esta:

O cura e maila criada
xogan ós tibiriquiños;
a criada cai de espaldas
i o cura cai de fuciños.

Como ves, ven sendo a mesmiña copla que recolle Sarmiento,
coa única diferenca de tibiriquiños en lugar de tiribiquiños.

Teño diante a revista “Nós”, así que a cita é rigurosamente exacta.

O que non logro recordar é de onde toméi a cantiga que che mandéi, coa variante “xogan aos trebelliños”. Sin dúbida a copiéi de algún lado coa intención de cha mandar e non son capaz de recordar onde foi.

Apertas nosas para os catro. Para ti unha moi forte de

Ramón

* * *

XL

Compostela, 18-X-72

Benquerido Xosé Luís:

Recibín o teu espléndido discurso sobre “Fr. Martín Sarmiento, testigo de su siglo”. Por certo que, si che fora posible dispor de outro exemplar, gustaríanos, para incluílo na Biblioteca da Fundación Penzol.

Con el chegoume a carta de Sarmiento. Como na carta me falas da posibilidade de unilo ao do P. Sobreira e publi-

calos como libro a parte, entendo que é boa idea. Anteriormente xa me tiñas falado dese libro “Sarmiento y Sobreira, dos lingüistas gallegos del XVIII”, e coido que pode ser interesante. Quedamos, xa que logo, en que faremos o libro cando te vexas desencerellado dos traballos urxentes (“Cuadernos” e “Boletín da Academia”).

Apertas nosas para os catro. Para ti unha moi forte de

Ramón

* * *



Pola dereita: García—Sabell, Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Benxamín Casal.

XLI

Compostela, 15-I-73

Querido José Luís:

Recibín a tua carta. Falaréi co Carballo para que pesquise na Universidade á procura dese traballo de Labrada sobre “Origen de la lengua gallega” para che mandan a xerocopia. Tamén lle preguntarei si sabe a fonte da nota de Murguía sobre a “Academia de Damas Distinguidas Compostelanas”, inda que me figuro que non terá mais datos que a propia nota de Murguía.

Eu contéstoche a volta de correo para te tranquilizar no relativo ao encárrago que che fixeron os da Enciclopedia Gallega. Os empresarios son tres asturiáns, os mesmos que editaron a Enciclopedia Asturiana. Para coordinar todo o labor de redacción, designaron tres persoas: Paco F. del Riego, Alonso Montero e Basilio Losada. Nunha das xuntanzas, trataron dos directores das distintas seccións, e na de lingüística concordaron no teu nome unánimemente. O primeiro en suxerilo foi o Alonso, pro todos se amostraron concordes. Non hai, como ves, gato encerrado. Algúns lingüistas deiquí —o Lorenzo, o Santamarina, etc.— colaborarán na Enciclopedia, mas é cousa moi normal e moi natural que che encomendasen a ti a dirección da Sección. ¿Qué outro lingüista galego de máis autoridade iban designar?

Xa vexo que estás refacendo o noso século XVIII no tocante á lingüística galega. A empresa é importante, por-

que vas dando a conocer moitas cousas que se desconocen, que resultan ser máis das que supoñíamos. Bótase de ver que aos nosos ilustrados preocupáballes bastante a lingua.

Eu teño no meu poder a versión auténtica que me mandaches dos “Orígenes de la Lengua Gallega” de Sarmiento. Cando ma mandaches dábasme a elexir entre publicala no GRIAL ou reservala para incluila co Sobreira. Supoño que te referías ao libro de que me falaras anteriormente sobre Sarmiento e Sobreira, que por certo cáseque pode abranquer a toda a lingüística galega do XVIII si é que consigues o manuscrito do Labrada e mais o do Cornide⁴³, pois dese xeito poderás falar dos catro.

Saúdos nosos para os catro. Para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón

O outro día contáronme dun manuscrito do texto sarmantino sobre a carqueixa que pertencéu ao pazo de Sotomayor e o mercou por tres mil pesetas un pontevedrés. Supoño que será unha das numerosas copias.

* * *

⁴³ **Xosé A. Cornide Saavedra y Folgueira** (A Coruña, 1734—Madrid, 1803). Forma, con Sarmiento e Feixóo, o grupo de grandes ilustrados galegos. Estudou Dereito e Humanidades en Santiago. Pertenceu á Real Academia da Historia. Publicou unha morea de traballos de distintos temas —dende a historia ata a educación, a lingua ou a minearía— obra dun polígrafo que tamén foi poeta. No *Boletín* da RAG, Murguía publicou “Don José Cornide y sus versos en Gallego”. Na mesma publicación, C. Martínez Barbeito realizou un traballo de investigación, que viu a luz no artigo “Don José Cornide y su Catálogo de palabras gallegas”, no xa citado *Boletín* da RAG (1956).

XLII

Compostela, 25-I-73

Querido Xosé Luís:

Acaba de me telefonar Carballo pra me decir que fixo as oportunas pescudas no arquivo da Universidade á procura dos papéis de Labrada. Resulta que non hai nada catalogado correspondente ao nome de Labrada, nin a directora ten coñecemento de que alí exista nada a el pertencente. De todos os xeitos, como hai varias carpetas procedentes da Sociedade Económica que están sin catalogar, o Carballo e os seus axudantes revisáronas meticulosamente e tampouco atoparon nada do Labrada. Hoxe mesmo remataron a revisión e por eso me chamou. Tal como están as cousas, só queda unha posibilidade: que tales papéis do Labrada estean incluídos en algunha carpeta de contido mais amplo e catalogada con outra etiqueta. Mas para eso conviña saber algún dato que servira de pista. ¿Estás certo de que os papéis do Labrada están no arquivo universitario? ¿Tes algún dato preciso sobre o particular? O Carballo está decidido a seguir pescudando, mas precisa de algunha pista orientadora. Con arreglo aos datos coñecidos no arquivo, alí non hai papeis do Labrada ¿Sabes ti que os hai?

Apertas nosas para os catro

Ramón

* * *

XLIII

Compostela, 16-II-73

Querido Xosé Luís:

Certamente, no prólogo á “Descripción económica del Reino de Galicia” figura unha nota na que fala dos papeles de Labrada. Refírese aos papeles de D. José Labrada⁴⁴ —o pai de Lucas Labrada—, que foi profesor de Gramática na Universidade. Falei con Paco Río Barja, que é o prologuista do libro e, polo mesmo, o autor da nota. Díxome que non había mais papeles que os relativos á docencia. Na súa opinión, ese traballo de que fala o P. Sobreira é deste José Labrada que foi profesor de Gramática, non de Lucas. Polo visto tamén fala del Murguía e di que se trata dun discurso de pouca doutrina. Ora, non sei si se tratará de dous traballos distintos, un de José Labrada —“Disertación sobre las lenguas”—, e outro de Lucas Labrada —“Origen de lengua gallega”—, ou si non hai mais que un traballo. En calquera caso, na Universidade non hai nada. Do fillo, de Lucas Labrada, debe haber papeles na Coruña, pois el foi secretario do Real Consulado.

⁴⁴ **Lucas José Labrada Romero** (Ferrol, 1762—A Coruña, 1842). Ilustrado galego. Traballou no Real Consulado da Coruña. A súa obra máis destacada, á que fai Piñeiro referencia, *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Ferrol, 1804, foi reeditada por Galaxia en 1971. Nela fai unha análise detallada da poboación, agricultura, industria, comercio e transporte nas sete provincias galegas que serviu de fonte para numerosos estudos históricos e xeográficos posteriores.

Estes días está o Lorenzo facendo as oposicións en Madrid. Nesta ocasión ten todo propicio e confío en que sairá adiante sin dificultade.

Saúdos nosos para os catro. Para ti unha forte aperta de

Ramón

* * *

XLIV

Compostela, 28-II-73

Querido Xosé Luis:

Duas liñas para che comunicar que onte foi a votación para a cadeira de Filoloxía Románica da Universidade de Valladolid, que ao cabo lla deron ao noso amigo Ramón Lorenzo. Xa é colega teu. Coido que virá mañán eiquí.

O Isidoro anda a traballar na nomenclatura das pezas do carro, á procura de voces céltigas.

Saúdos nosos para os catro. Pra tí unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

* * *

XLV

Compostela, 23-V-73

Querido Xosé Luís:

Xa estamos de novo ensarillados na vida de sempre, despois do grato descanso salmanticense. Fixemos ben o viaxe; eso sí, con mal tempo deica Verín.

Faléi por teléfono co Isidoro e tansmitinlle os vosos saúdos, i en especial os da afillada. Alegrouse. Aos demais aínda nonos vín, pois desde que chegamos cáseque non saín da casa porque tiña bastantes cousas pendentes e de certa urxencia.

Hoxe mándoche o “Catálogo de documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)”. Si fás o favor mándame sendas reseñas, deste e do de San Pedro de Rocas, pra publicalas no GRIAL.

Non trouxen a “Carta sobre a emigración galega” que tiñas preparada. Non deixes de ma mandar, porque non deixa de ser un documento importante para a historia da nosa emigración.

Nós viñemos moi confortados de Salamanca, pois nada é tan confortador para o espírito como a cordialidade amistosa e vós sodes exemplarmente xenerosos na vosa cordialidade.

O Isidoro, según me dixo, está bastante interesado na revisión da epigrafía galega. Coido que a levarán a cabo. Está á fala con algún arqueólogo sobre o particular.

Apertas nosa pra os catro. Pra ti unha moi forte de

Ramón

* * *

XLVI

Compostela, 7-VI-73

Querido Xosé Luis:

Recibín a carta de Campomanes⁴⁵ que me mandaches. Coido que é un documento interesante para a nosa historia económico-social. E non deixa de ser ben suxestiva a comparanza que fás das ideas do político asturián coas do arisco frade galego de S. Martín.

Os rapaces de ahí devolvéronme as notas da conferencia e con elas mandáronme a reseña de “El Adelanto”. Eles fixeron unha reseña no “Ideal Gallego”.

Dille a Enriqueta que o paraguas xa está arranxado.

Hoxe recibín carta dun frade cisterciense galego que está de crego en Madrid e cóntame que lle admitiron en Comillas a tesina de licenciatura en galego.

Apertas nosas pra os catro. Pra ti unha moi forte do teu amigo

Ramón

* * *

⁴⁵ **Pedro Rodríguez**, Conde de Campomanes (1723—1803). Político e escritor. Presidiu o Consejo de Castilla. Propugnou o regalismo, a reforma agraria e a liberdade de comercio. Escribiu o *Discurso sobre la educación popular de los artesanos y su fomento*.

XLVII

Compostela, 8-X-73

Querido José Luís:

Supoño que xa estaredes reincorporados á vosa vida habitual salmanticense e ti reanudarías os teus diarios diálogos co P. Sarmiento ahí no teu despacho, onde o bon frade se sentiría moito máis agusto que na celda madrileña onde pasou a vida rosmando. Ahí sería feliz discutindo contigo etimoloxías galegas, que tanto lle interesaban. Ben seguro que cando escribía plegos e mais plegos sobre o galego nunca puido imaxinar que todo aquilo sería escrupulosamente estudado e revisado en Salamanca e editado por aquela Universidade.

Xa vin o “Boletín” da Academia e lin o “Discurso Apologético”. Por certo que levas a tua cortesía ao punto de me citar porque che facilitei a copla recollida en Ribadeo por Francisco Lanza. Non era necesario, home. Os datos que eu che poida facilitar sempre están ao alcance de calquera, pois non son investigador, e por eso non é preciso “citarme”.

Convíñanos que mandaras o comentario aos dous tomos editados por E. Duro⁴⁶ para incluílos no próximo número

⁴⁶ **Emilio Duro Peña** (O Irixo, 1919—Ourense 1995). Sacerdote e investigador, ampliou os seus estudos de Teoloxía na Universidade de Comillas. Foi profesor das cátedras de Filosofía e Teoloxía no Seminario Maior de Ourense, secretario de estudos e bibliotecario. En 1951 foi nomeado cóengo arquivista da catedral de Ourense e en 1972 foi o primeiro director do Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo. Con varias publicacións, en 1988 recibiu o Premio Otero Pedrayo por *La música en la catedral de Santiago*, que viu a luz, postumamente, en 1996. Foi correspondente da Real Academia de la Historia e da RAG.

GRIAL. Temos tamén a Carta de Campomanes que non puido ir no número anterior porque xa estaba composto.

O Lorenzo marchou o domingo en coche para Valladolid e Úrsula marchou hoxe en avión, pois ela, por estar embarazada, evitou as molestias dun viaxe en coche. Están ledos e animados e fan mentes de vir con frecuencia a Roxos.

O Amable Veiga⁴⁷ ven trasladado para Santiago. Sigue traballando na fonoloxía do galego, mas agora terá que facer a tese de doutoramento con Díaz e este suxírelle un tema histórico: a aparición do galego nos textos latinos medievais.

Nestes dias conto que veña vernos o Carlos Peregrín Otero⁴⁸, que vai pasar uns meses ao norte de Portugal adicado á investigación.

Apertas nosas para os catro. Para ti unha moi forte do teu amigo

Ramón

* * *

⁴⁷ **Amable Veiga Arias** (Triacastela, Lugo, 1929—Barreiros, Lugo, 1994). Catedrático de Latín de Ensino Medio e doutor en Filosofía e Letras coa tese *Algunas calas en los orígenes del gallego*, publicada por Galaxia en 1983. Director do Instituto Lucus Augusti, do que xa fora tamén alumno, e rigoroso lingüista con publicacións coma *Fonología gallega* (1977) e diversos artigos en *Grial*, *Verba* ou *Lucus*, no terreo da morfosintaxe ou da tradución galegas.

⁴⁸ **Carlos Peregrín Otero** (Lourenzá—Lugo, 1930). Doutor en Dereito pola Universidade de Madrid, dedicouse sempre á Lingüística, realizando o doutorado na Universidade de Berkeley (USA) e exercendo alí a docencia e, despois, na Universidade de California dende 1959. Colaborador de *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Verba*, etc. Seguidor da Escola de Chomsky e tradutor de varias das súas obras ao castelán. Publicou *Aspectos de la teoría de la sintaxis* (1971), *Sintáctica y semántica en la gramática generativa* (1979), *Noam Chomsky: a personal bibliography, 1951- 1986* (1986) ou *Evolución y revolución en romance* (2 volumes, 1971 e 1976), obra que aparece citada máis adiante neste epistolario.

XLVIII

Compostela, 8-XI-73

Querido José Luís:

Hai algún tempo mandeiche unha nota coas pescudas que fixo Carballo no libro das Festas Minervais⁴⁹, no que os poemas do Azagra aparecen firmados con dous nomes distintos. Preguntábache de paso si a nota que mandaches co villancico se publica tal cual ou si querías engadir algo. Como non recibín resposta, vouna mandar así como está.

Si tes feito o comentario aos libros do Duro⁵⁰ non deixes de mo mandar.

O domingo eleximos académico ao Ramón Martínez López.

⁴⁹ **Festas Minervais:** despois da apertura, en 1649, das Facultades de Dereito e Medicina en Santiago de Compostela, púidose celebrar o concurso literario das Festas *Minervais* de 1697, que se convocou en lembranza de Alonso III de Fonseca, *O Grande*. Como resultado do mesmo, publicouse unha compilación dos traballos presentados: *Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las Musas*, impreso en Santiago por Antonio Fraiz en 1697, na que destacan algúns romances escritos en galego coma o de Juan Antonio Torrado ou José Gil Taboada, entre outros. Esta conmemoración foi retomada de novo en 1954 polo Sindicato Español Universitario “en la voluntad de resucitar la tradición de las Fiestas Minervales” e no seu aspecto literario salienta o intento da terceira convocatoria que introduce a modalidade da poesía galega, onde aparecen os compoñentes da Xeración de “La Noche”, que aproveitaron para darse a coñecer. Sobresaen as composicións premiadas de autores coma Xosé Luís Méndez Ferrín, X. L. Franco Grande, Ramón Lorenzo, Carlos Casares ou Arcadio López Casanova.

⁵⁰ **José Luis Pensado** publicou en *Grial* un total de seis traballos de diferente asunto, dous deles dedicados á recensión da obras de E. Duro Peña: “El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental” (nº 43, 1974) e “Catálogo de documentos privados en pergamino del Archivo de la catedral de Orense” (nº 43, 1974), ámbolos dous no mesmo número da revista.

Apertas nosas para os catro

Ramón

* * *

XLIX

Compostela, 16-XII-73

Querido Xosé Luis:

Onte estiven en Vigo e vin que che mandaban as separatas da “Carta de Campomanes”. Por certo que a todos lles interesou moito esa “carta”, así como a nota introdutoria que lle puxeches. Foi boa idea dala a conocer.

Co villancico de Azagra ocorreu que o Paco del Riego puxo as tuas iniciáis —J.L.P.— ao pé da nota, porque viña sin firma, e no índice xeral que ven ao final figura o nome completo, así que non hai dúbida na identificación do autor.

Mándoches esta reseña que ven no “Faro” de hoxe sobre o “Catálogo de Voces y Frases” de Sarmiento. Eu recibín o exemplar que me mandaches, que moito che agradezo. Esta tempada estiven moi atafegado e por eso non che escribín.

Apertas nosas para os catro

Ramón

* * *

L

Compostela, 25-I-74

Querido José Luís:

Hai tempo que che tiña que escribir. A razón da demora é que quería darche algunha información concreta sobre os “Opúsculos”, que recibín oportunamente. Como suman un volumen moi respeitábel de páxinas, resulta unha edición costosa e, pola índole do contido, de venta limitada aos medios especializados. Nesas condicións era moi difícil para nós a publicación. Por eso tivemos que xestionar algunha axuda económica. De aí a miña demora en escribirche. Por fin temos unha promesa de axuda e, basados nela, poderemos editar o libro, que xa está en poder do Paco del Riego.

As señas de Francisco F. Del Riego son: Dr. Cadaval, 32- 4º- Vigo.

Farei a xestión coa Academia para que lle envíen a Corominas⁵¹ os fascículos publicados do “Diccionario”. Tamén tratarei de aclarar que pasou coa tua carta na que

⁵¹ **Joan Coromines** (Barcelona, 1905—Pineda de Mar, Maresme, 1997). Lingüista e filólogo que se converteu nun dos estudosos da Lingüística Románica máis recoñecidos en todo o mundo, xa que completou a súa formación xunto a Américo Castro e Ramón Menéndez Pidal. A dialectoloxía, a toponimia e a antroponimia, en especial a catalana, constitúen a súa investigación prioritaria. Viviu exiliado en París, Mendoza (Arxentina) e Chicago (ata a súa xubilación en 1967), onde foi profesor. Destacamos o *Diccionario etimológico de la lengua castellana*(1954-1957) e *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*(1981-1984) entre as súas numerosas publicacións.

lles pedías o “Boletín”. Hai alí uns cantos vellotes que xa non saben por onde andan.

Mándoches o meu exemplar do Catálogo de Palabras Gallegas de Cornide. Podes usalo o tempo que precises. Non cho regalo porque, como podes ver, está adicado polo autor.

Si nos podes mandar axiña as reseñas dos libros do Duro Peña, estimámoscho, pois convíñanos metelas no próximo número.

Apertas nosas para os catro. Para ti unha moi forte de

Ramón

Pasaron un día con nós o Carlos Peregrín Otero e maila muller –unha xoven Californiana que sabe español e portugués e entende o galego–, e díxenlle, de parte tua, que se animase a ir a Salamanca. Dixo que iría. Agora está en Madrid, traballando sobre cousas provenzáis na biblioteca da Casa de Velázquez. Ten preparada a segunda parte da súa obra “Evolución y Revolución en Romance”.

* * *

LI

Compostela, 1- febreiro- 1974

Querido José Luis:

Fixen as xestións na Academia con estes resultados: Do Diccionario só teñen tres exemplares, mas podes decirlle a Corominas que escriba directamente á Academia e mandaran-

.....

A Editorial Galaxia convoca catro premios dotados con 200.000 pesetas cada un

En 1950 creóuse a Editorial Galaxia co fin de promover e difundir a cultura galega. Ao servizo desta finalidade leva publicados dous centenaes de libros de materia diversa —narración, ensaio, poesía, teatro, literatura infantil, economía, filoloxía, historia, etc., así como traducións de importantes obras de outras culturas— e dúas revistas, unha de economía («Revista de Economía de Galicia») e outra de cultura («Grial»). Pódese dicir que, tomado en conxunto, este labor editorial representa un dos meirandes impulsos recibidos pola nosa cultura.

Cadrandos cos 25 anos da súa fundación, Editorial Galaxia convoca un concurso literario con arreglo ás seguintes

BASES

Primeira.—Será fallado o Día das Letras Galegas (17 de maio) de 1975.

Segunda. — Este concurso consta dos catro premios que siguen:

- 1.—Premio de novela, dotado con 200.000 pesetas.
- 2.—Premio de teatro, dotado con 200.000 pesetas.
- 3.—Premio para unha obra que estudie a lingua galega na súa evolución histórica —lingüística e cultural— e na súa

realidad presente, con especial referencia a los problemas de su unificación normativa como lengua común de cultura. Dotado con 200.000 pesetas.

4.—Premio para unha obra que estudie a sociedade galega, ora na súa realidade presente, ora no seu proceso histórico moderno, podendo abreguella na súa globalidade ou analízala ao traveso de algún fenómeno relevante da súa problemática económica ou social. Dotado con 200.000 pesetas.

Terceira.—Os traballos deberán estar escritos en galego e mecanografiados a dobre espacio.

Cuarta. — De cada traballo concursante deben enviarse a Galaxia (Reconquista, 1, Vigo) tres copias con lema e plica.

Quinta.—O prazo de admisión remata o 31 de marzo de 1975.

Sexta. — Galaxia resérvase o dereito a publicar as obras premiadas, en opción preferente durante un prazo de 18 meses a contar do fallo do xurado. No caso de que se faga uso deste dereito os autores suscribirán coa Editorial o oportuno contrato, de acordo coas normas establecidas polo INLE a tal respecto.

Séptima. — Editorial Galaxia designará o Xurado que teña de fallar os diferentes premios de que consta este concurso.



lle un de agasallo. Pódeshlle decir que fixeches a xestión e que o pida á Real Academia Gallega -Palacio Municipal- La Coruña.

Tocante ás tuas queixas dixéronme o seguinte: que con data do 30 de maio escribíchelles pedindo os Boletíns atrasados, a colectánea completa dos “documentos” e un exemplar do extraordinario do Boletín no que apareceu o traballo de C. Martínez Barbeito⁵² “José Cornide y su Catálogo de Voces gallegas”.

Que che comunicaron en carta de 16 de xullo que tratarían de te complacer mas que a ordenación dos Boletíns e documentos, así como xerocopiar os documentos aparecidos en números esgotados do Boletín, etc. que nono poderían facer deica pasadas as vacacións. E remitíronche o Boletín extraordinario co traballo sobre “José Cornide y su Catálogo de Voces gallegas”, sin que acusaran recibo del.

Con data 23 de agosto enviáronche 50 separatas do teu traballo aparecido no derradeiro número do Boletín, e tam pouco lles acusache recibo.

Como ves, na relación epistolar coa Academia resultan eles mais ordenados ca ti, pois fuches ti quen interrompíu a comunicación regular.

⁵² **Carlos Martínez-Barbeito y Morás** (A Coruña, 1913). Cursou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e de Dereito en Madrid, onde fixo o Doutoramento. Nos anos de estudante formou parte, xunto a Maside, Seoane, F. Fernández Del Riego, Carballo Calero e outros, do movemento xuvenil que en torno á Federación Universitaria Española aspiraba a unha renovación cultural. Foi profesor adxunto de Historia dos Descubrimentos e de Xeografía de América na universidade madrileña e director do Museo de América; pertenceu á RAG, á Real Academia da Historia entre outras institucións e recibiu, entre outros méritos, a Medalla de Galicia en 1991. Como escritor foi finalista do Premio Nadal en 1945 e 1948. Destacan as obras, *Guía de Santiago de Compostela* (1952) e *Noticia genealógica de D. José Cornide* (1959). Morreu na súa cidade natal en 1997.

Con todo, pensan escribirche de novo preguntándoche si recibiches as separatas e mais o número extraordinario do Boletín e anunciándoche a próxima remesa dos encárgos que fixeras, por estaren pra rematar a ordenación de todo o material que lles pediches.

Eu saco en conclusión que non recibiches as cartas e extraordinario do Boletín, porque do contrario non me pedirías a min o vocabulario de Cornide. Algo fallóu no correo. Mas a Academia procedeu correctamente contigo. Eu alégrome ben de que así for. E ti xa podes modificar a opinión que tiñas deles.

Apertas nosas para os catro. Pra tí unha forte de

Ramón

Mándoche a convocatoria de catro premios que se convocan para celebrar os 25 anos de actividade editorial de GALAXIA. Como non tiñamos os cartos para eses premios, tivemos que nos valer de amigos e ao cabo puidemos convocalos.

* * *

LII

Compostela, 12-II-74

Querido Xosé Luís:

Recibín as tuas cartas e mais as reseñas do libros de Duro Peña. Todos din que é un home moi traballador e serio. Coido que seguirá traballando, tanto mais que dispoñe de posibilidades de publicación.

A idea de facer académico a Corominas paréceme atinada. Falareino cos outros. Pola miña parte, encantado de que se faga.

A carta que che escribiron o 16 de xullo considero que é verdadeira porque teñen a copia. Nela explicábanche que tiñan que revisar todos os Boletíns –moitos deles estaban no desván– para ver cantos hai que che poidan mandar, así como a colección dos documentos galegos, dos que moitos deles corresponden a Boletíns esgotados. De todos os xeitos, cando correspondan a Boletíns esgotados pensan xerocopialos para completarche a Colección.

Saúdos para os catro. Para tí unha forte aperta de

Ramón

* * *

LIII

Compostela, 24-X-74

Querido Xosé Luis:

Recibín o villancico de Azagra que me mandaches. Fun cabo do Carballo porque non teño o libro das Fiestas Minervales e alí na Universidade téñeno. O Carballo, coa migalleira escrupulosidade do bon investigador, explorou o libro, coa sorpresa de que non aparece o nome de Azagra por ningures. Menos mal que na tua nota figuran transcritos os comezos dos catro poemas que enviou ao Certamen, e por eles pode identificarse o nome do Azagra concursante, que é outro, mellor dito, son dous, xa que dous poemas fírmalos con un nome e outros dous con outro. O Carballo fixo unha nota que che acompaño por si queres engadir algún dato na tua. Fora deso non aparecen mais datos.

Non te esquezas de me enviar canto antes a reseña dos libros do Duro, pois el está moi pendente dela e xa lle dixemos que sairá no próximo número.

Dime que modificacións queres engadir á nota sobre Azagra.

Apertas nosas para os catro

Ramón

Como podes ver pola nota do Carballo, dous poemas fírmalos como Fray Manuel Trasvilla e outros dous como Fr. Manuel de Losada, e ningún como Azagra. Fora destes datos que recolléu o Carballo non aparece ningún máis.

FIESTAS MINERVALES...

Guerra por mar y tierra a un tiempo mueve aparece na páx. 62 como “del Padre Predicador Fray Manuel Trasvilla, beneditino”.

Una entreverada musa, páx. 213. Rúbrica igual á anterior.

De aquel Potosí un tesoro, páx. 89, aparece como “del Padre Fr. Manuel de Losada”. Esta poesía, que según o ms. “llevó el primer premio”, aparece en cabeza das consagradas ao Assumpto Quarto.

A sacra Compostela, páx. 114, “Del Padre Fr. Manuel de Losada”.

- - - - -

O soneto aparece en 6º lugar antre os seus conxéneres.

Una entreverada musa en 12º antre os seus.

De aquel Potosí un tesoro en 1º.

A sacra Compostela en 3º.

Se cadra, aténdonos ao orde dos poemas presentados ao Certamen, conforme aparecen no libro, A sacra Compostela levóu un terceiro premio.

* * *

LIV

Compostela, 21-I-75

Querido Xosé Luis:

Mándoche estes retallos dos xornáis de por aquí nos que se comenta o teu libro “Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII”. Un deles xa é atrasado. O outro acaba de saír no extraordinario dominical de “La Voz de Galicia”, e o autor, Carlos Casares, é agregado de Lengua e Literatura Española no Instituto de Cangas. Ademáis deso, é un dos mellores escritores novos que temos.

Supoñemos que estaredes ben os catro. Nós como sempre. Hai uns días mandeiche un libro que acabo de sacar, mínima correspondencia aos que ti me tes dado. Como sabes, eu escribo pouco. Consumo moito tempo e enerxías en facer escribir aos demais, que é máis importante.

Apertas nosas para todos

Ramón

* * *


LV

Compostela, 4-V-75

Querido José Luis:

Por correo certificado mandeiche o único traballo que se presentou ao Premio destinado á investigación lingüística. Varios que pensaran en concurrir ao certamen, ao cabo desistiron pola dificultade que lles representaba á investigación da historia da lingua. Si se tratara somentes da descripción da súa situación presente, seguro que se presentaban varios.

Mandeicho á Facultade para que non teñades que ir recollelo a Correos, pois seguro que á Facultade lévancho.



Seguramente che producirán algo de sorpresa as frecuentes referencias filolóxicas gregas, indicio de que o autor é un helenista. Mas sei certo, porque falei con él, que o noso amigo Isidoro é totalmente alleo a ese traballo.

Saúdos nosos aos cuatro. Para ti unha aperta de

Ramón

* * *

LVI

Compostela, 16-I-76

Querido Xosé Luís:

Estamos preparando unha colección de biografías de personaxes galegos coa intención de popularizar o seu coñecemento agora que se vai despertando interese polas nosas cousas. E un dos personaxes galegos pouco coñecidos e moi merecentes de que se lles coñeza por todos, é o noso amigo F. Martín Sarmiento.

Unánimemente coincidimos todos en que o ideal sería que fixeses ti esa biografía. Ninguén podería facela con mais coñecemento e con mais autoridade.

Trátase duns libros pequenos, máis ou menos arredor de 80 páxinas –que poden ser algunhas máis ou algunhas menos–, e que se dividirán en tres partes: 1ª, semblanza biográfica do personaxe; 2ª, ambiente da época; 3ª, antoloxía de textos do personaxe biografiado nos que se reflexe o seu pensamento sobre Galicia e os seus problemas.

Todo esto cócelo ti mellor que ninguén e estamos certos que o farías mellor que ninguén. A nós parécenos xusto percurar que os galegos conozan quen foi o furruñento e orixinalísimo bieito.

Apertas nosas pra os catro

Ramón

O 22 ingresará Ramón Martínez López na Academia. Contéstalle Isidoro. O acto será aquí en Santiago, en Fonseca.

* * *

LVII

Compostela, 20-III-77

Querido Xosé Luís:

Hoxe apareceu na “Voz de Galicia” este artigo de Carlos Casares sobre o teu libro. Supoño que o recibirás, pero de todos os xeitos mándocho.

Eu recibín o libro, que moito che agradezo. Como todos os traballos teus, ten unha grande solidez interna. Penso que ese “peneirado” que vas facer aos nosos dicionarios será unha achega moi seria á nosa lexicografía. Nós comentáremolo no próximo GRIAL.

Temos unha invernía tremenda. Supoño que tamén será semellante por ahí.

Apertas nosas para os cuatro. Para ti unha moi forte do teu vello amigo

Ramón Piñeiro

* * *

LVIII

Querido José Luis⁵³:

Desde que falei contigo por teléfono tiven que facer dous viaxes a Madrid e aquí estiven ensarillado nunha chea de asuntos urxentes, de tal xeito que a correspondencia quedou paralizada.

Mándoche copia da carta e da conferencia que nos dirixiu a Galaxia o profesor burgalés Federico Pérez⁵⁴. O enfoque que lle dá ao milenario do castellano é totalmente distinto ao que lle deu Alarcos⁵⁵ en Liébana. Xa ves que fai rotunda expresión de reco-

⁵³ Orixinariamente está sen datar. Na ordenación dos orixinais precedía á datada o 10- XII- 79.

⁵⁴ **Federico Pérez y Pérez**, nace en Mansilla, Burgos. Doutor en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid. Catedrático de Ensino Secundario. Destacamos entre as súas publicacións, *Libro Castilla, del Milenario de la Lengua* (1979), ou *Ensayo de bibliografía contemporánea burgalesa* (2008).

⁵⁵ **Emilio Alarcos Llorach** (Salamanca, 1922—Oviedo, 1998). Fundamental renovador e modernizador da lingüística española e catedrático da Universidade de Oviedo. Académico da RAE, salientou polas contribucións á fonoloxía, á doutrina estruturalista e á gramática. Obras fundamentais son: *Fonología española* (1950), *Gramática estructural* (1951), *Estudios de gramática funcional del español* (1970) e *Gramática de la lengua española* (1994). Deixou tamén notables achegas no eido dos estudos literarios.

ñecemento á pluralidade lingüística española e refuga a hexemonía impositiva do castellano “frente” ás demais linguas.

Mándoche un exemplar da Constitución en galego. É o texto que saíu no Boletín Oficial do Estado.

Apertas pra os catro

Ramón

* * *

LIX

Compostela, 10-XII-79

Querido José Luis:

Fixen a pescuda –millor dito, encomendeille a Naya⁵⁶– sobre a correspondencia Sobreira-Cornide. Resulta que na Academia non hai mais papeis de Cornide que o manuscrito do “vocabulario galego” que publicou Barbeito. Quizais estean con todos os papeis de Cornide que, como sabes, consérvanse na Real Academia da Historia. Coido que alá

⁵⁶ **Juan Naya Pérez** (A Coruña, 1914–1993). Académico e arquivista-bibliotecario da RAG, labor que desempeñou dende a súa mocidade, ademais de Cronista Oficial da cidade da Coruña. Publicou numerosos artigos en *La Voz de Galicia* ou *El Ideal Gallego* sobre a obra de Rosalía de Castro, entre outros; escribiu semblanzas de galegos ilustres coma Rosalía ou M. Murguía. Ingresou na Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario. Publicou *Los poetas gallegos y Curros Enríquez* (1970) ou *El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía* (1974).

polos anos 27 ou 28 publicouse a relación de todos os manuscritos de Cornide nun Boletín da Academia da Historia. Se cadra, entre os seus papeis estará tamén a correspondencia do P. Sobreira.

Pregunteille a García-Sabell pola palabra bacoriño e díxome que el sempre ten ouvido pronunciar bacuriño. Que está viva nas Rías Baixas e que el coñeceuna de rapazolo en Órdenes.

Apertas nosas pra os catro

Ramón

* * *

LX

Compostela, 27-X-83

Querido Xosé Luís:

Entregueille a Cotarelo o orixinal do P. Sarmiento xuntamente co teu teléfono. Espero que se poñerá en contacto contigo.


Mándoche esta foto que estaba entremedias do orixinal. Se cadra alí perdíase e pareceume mellor mandárvola por carta.

Olla: nos últimos tempos veñen aparecendo no “Faro de Vigo” uns ataques zafios e insolentes contra a persoa de Domingo García-Sabell e todos os amigos somos da opinión de que ese proceder non se pode aceptar. Pensamos en publicar unha declaración que desautorice moralmente esa campaña. Mándoche copia do texto por si estás conforme en que figure o teu nome entre os que a suscriben. Tamén lla enviamos a Rof Carballo, a Torrente, a Cela, a Bonet Correa, etc.

Si téis algún inconveniente en que figure o teu nome, nós comprenderémolo perfectamente. Chamareite a comezos da próxima semana para cambiar impresións sobre o particular.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro



«Nalgún xornal galego veñen aparecendo ataques a Domingo García Sabell que sobrepasan a temperancia que é obrigada cando se emiten xuicios públicos sobre persoas. Para evitar os malentendidos que se poidan producir, quizais involuntariamente, polo tono deses xuicios, consideramos necesarias algunhas aclaracións que concretamos nestes puntos:

1-Que pola súa vida e a súa obra, Domingo García Sabell é unha das figuras mais relevantes da Galicia actual; unha das figuras que prestixian a nosa cultura dentro e fora de Galicia.

2-Que ademáis do respecto que lle é debido a toda persoa en canto tal, aquelas que encarnan valores do patrimonio comunal

—neste caso a cultura—, son merecentes dese respecto por dobre motivo. Mesmo por eso, queremos manifestar públicamente a nosa adhesión moral e a nosa consideración intelectual a Domingo García Sabell, figura egrexia de Galicia, independentemente das posibles discrepancias ou coincidencias políticas que se poidan dar desde a perspectiva persoal de cada quen.

3-Que, como demócratas, non podemos deixar de sentir preocupación polos síntomas de violencia moral que se botan de ver nas páxinas dos xornais. Certo que polo de agora son limitados, pero non por eso deixan de ser alarmanantes. A democracia é a garantía da liberdade, pero ésta necesita lexitimarse constantemente mediante o respecto á dignidade da persoa. Sin ese sutil equilibrio de liberdade e respecto non hai posibilidade de democracia.

Porque cremos sinceramente na liberdade como valor esencial da persoa, cremos tamén na necesidade de a defender das desviacións que a levarían á autodestrución».

* * *

LXI

Querido Xosé Luís:

Supoño que recibirás a “Voz de Galicia”, como colaborador dela que eres, e que xa verías o texto da nosa declaración publicado —con algunha errata como sempre acontece—. Mándoche, para variar, a correspondente ó “Faro de Vigo”.

Como che dixeran, os historiadores están interesados na información que dá Sarmiento sobre as formas autóctonas

de vacunación antivariólica. Alegráronse moitos —os dous con que falei desto— cando lles dixen que ibas mandar fotocopia da páxina. Como queren citar de onde a tomaron, preguntáronme cal será a referencia do teu libro.

Unha forte e cordial aperta do teu vello amigo

Ramón Piñeiro

